

AVOGACÍA COMPOSTELÁ

N.º 9 novembro 2010
Exemplar gratuito



Ilustre Colexio de Avogados
de Santiago de Compostela

O Colexio de Avogados
de Santiago recibe a
medalla de ouro
da Irmandade
Xurídica Galega



Novas Avogacía

Pacto de cota litis
en sentido estrito


Asemblea Xeral
da Mutualidade
da Avogacía 2010

Colaboración

A competencia xurisdiccional
dos xulgados
contencioso-administrativos

A nova responsabilidade
penal das persoas xurídicas

Entrevista



Baldomero Cores
Trasmonte

Entrevista



Jorge Cid Carballo
Novo xuíz decano
dos Xulgados
de Santiago
de Compostela

Ahora precios exclusivos...

CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN



CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN

Solicita gratuitamente en nuestros establecimientos tu tarjeta **CLUB 10** por pertenecer al Colexio de Avogados de Santiago de Compostela y benefíciate de precios exclusivos en nuestros servicios de tintorería y arreglos textiles.



TINTORERIA RAPIDA
CLEAN & CLEAN
CUIDAMOS TUS PRENDAS

C.C. Area central L-21h. Tel.: 981 57 22 44
c/ Doutor Teixeira 27. Tel.: 981 56 09 18

STITCH
retoques de calidad



Avogacía Compostelá

Dirección

Evaristo Nogueira Pol



Secretaría técnica

Manuel Arza Galán
Telf.: 981 581 713
st.gerente@icasantiago.org



Asesoramento lingüístico

Martín Ramos Insua



Consello de redacción

Timoteo Gutiérrez Valerio



M.^a Luisa Pasín Mato



Patricia López Arnosó



Javier Sánchez-Agustino



Noemí Peteiro Pereda



Paulo López Porto



José R. Oulego Erroz



M.^a del Mar Vivero Vizoso



Javier Constenla Vega



Manuel F. Martín García



Índice

Editorial	4
Novas Avogacía	5
Entrevista	
Jorge Cid Carballo	9
Baldomero Cores Trasmonte	13
Colaboración	
A competencia xurisdiccional dos xulgados contencioso-administrativos	17
A nova responsabilidade penal das persoas xurídicas	23
Vida Colexial	26
Avogacía nova	33
Biblioteca	34
Ao pé da letra	35
Opinan de Nós	37
Fóra da Lei	38

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela non se fai responsable das opinións expresadas polos seus colaboradores.

Co patrocinio de



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Depósito Legal: C-3778-2007 | Deseño e Maquetación: Vértice, S.L.



Estimados compañeiros/as:



Evaristo Nogueira Pol
Decano do Ilustre Colexio
de Avogados de Santiago

Nos albores do ano 2010 publicamos a revista do colexio, con diversos contidos, como as interesantes entrevistas a Badolmero Cores, ilustre xurista e intelectual autor hai anos do libro da historia do colexio que, como sabedes, se fundou no ano 1840. Tamén contamos coa colaboración, mediante a concesión dunha entrevista, do novo xuíz decano de Santiago de Compostela, Jorge Cid, a quen lle desexamos moita sorte na súa función e a quen lle ofrecemos toda a colaboración institucional desde o Colexio de Avogados de cara a manter a boa relación existente entre avogados e xudicatura na nosa cidade. Grazas tamén ás persoas que publicaron artigos na revista, como o da reforma do Código penal asinado por Antonio Roma ou o de Dolores Rivera sobre a xurisdición administrativa. En canto á reforma, debemos recordar aquelas revisións de penas que implica a entrada en vigor do novo texto.

Recórdovos que a biblioteca cada día ten máis exemplares, que están á vosa disposición, así como a base de datos de xurisprudencia á que podedes acceder gratuitamente, e que supuxo un importante esforzo económico para o Colexio de Avogados.

Desde outro punto de vista, seguimos insistindo desde o Consello Xeral da Avogacía ao Ministerio de Xustiza para que se promulgue dunha vez, a ser posible nesta lexislatura, a lei de dereito de defensa, preferiblemente orgánica ou, se é o caso, ordinaria, que regule de forma clara e precisa este dereito fundamental. As conversacións van avanzadas e agardamos que o Ministerio sexa receptivo.

Desde a Xunta de Goberno desexámosvos un bo final de ano e mellor entrada, co convencemento de que este ano si nos tocará a lotería.

Saúdos do decano

Novas de interese Novas de interese

HONORARIOS

Pacto de cota litis en sentido estrito

O artigo 16 do Código deontolóxico da avogacía establecía nos seus parágrafos 1º e 2º o seguinte:

1. Prohíbese, en todo caso, a cota litis en sentido estrito, que non está comprendida no concepto de honorarios profesionais.
2. Enténdese por cota litis, en sentido estrito, aquel acordo entre o avogado e o seu cliente, formalizado con anterioridade a terminar o asunto, en virtude do cal o cliente comprométese a pagarlle ao avogado unicamente unha porcentaxe do resultado do asunto, independentemente de que consista nunha suma de diñeiro ou calquera outro beneficio, ben ou valor que consiga o cliente polo asunto.

O Pleno do Tribunal de Defensa da Competencia (exp. núm. 528/2001) pronunciaba unha resolución o 26 de setembro de 2002 pola que se determinaba que o artigo 16 do Código deontolóxico «prohibición da cota litis» en sentido estrito era unha prohibición contraria ao artigo 1 da Lei de defensa da competencia e que impedía que os letrados fixasen o prezo dos seus servizos libremente. Na mesma resolución instábase o Consello Xeral da Avogacía Española a que no prazo de tres meses procedese a modificar o dito artigo.

O Consello Xeral da Avogacía Española presentou un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Supremo (recurso de casación núm. 5837/2005) que foi acollido parcialmente e determinou a anulación da sanción económica imposta polo Tribunal de Defensa da Competencia ao CXAE pero mantivo a necesidade modificar o artigo 16 do Código deontolóxico ao considerar que a prohibición da cota litis en sentido estrito non é axustada a dereito e que non se pode prohibir o pacto de cota litis en sentido estrito.

Contra a dita sentenza interpúxose o pertinente recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional, que foi inadmitido pola providencia do 14 de xuño de 2010.

O CXAE, para dar cumprimento á dita resolución, incluíu na orde do día do pleno do 21/07/2010 a anulación do artigo 16 do Código deontolóxico. Polo tanto, a partir desta data **a prohibición do pacto de cota litis en sentido estrito queda anulada** e o letrado poderá acordar co seu cliente que este lle aboe (en concepto de honorarios) unicamente unha porcentaxe do resultado do asunto.

Adaptación das normas de honorarios profesionais ao novo regulamento

A Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre libre acceso a actividades de servizo e o seu exercicio (BOE núm. 308, do 23/12/2009) e a Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo (DOG n.º 36, do 23/02/2010) regulan, en relación coas normas de honorarios, o seguinte:

Artigo 14. Prohibición de recomendacións sobre honorarios.

Os colexios profesionais non poderán establecer baremos orientadores nin calquera outra orientación, recomendación, directriz, norma ou regra sobre os honorarios profesionais. [...]

“Disposición adicional cuarta. Valoración dos colexios para a taxación de custas.

Os colexios poderán elaborar criterios orientadores para os efectos exclusivos da taxación de custas e da xura de contas. [...]

Para dar cumprimento a estas leis, o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, na sesión do 28/01/2010, tomou o acordo de adaptar á nova normativa os Criterios orientadores e custos de

referencia das actuacións profesionais do ICA de Santiago do 2009:

1. A partir do día 28/01/2010 os *Criterios orientadores e custos de referencia das actuacións profesionais do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago pasarán a denominarse “Criterios sobre honorarios profesionais do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela para taxación de custas e xura de contas”.*
2. Os devanditos criterios aplicaranse para os efectos exclusivos de taxación de custas, de xura de contas e para o cálculo de honorarios que correspondan da taxación de custas na asistencia xurídica gratuíta.
3. Nos demais supostos, o letrado/a terá dereito a convir libremente a contía dos seus honorarios con quen solicite os seus servizos.
4. Derrogar expresamente dos devanditos criterios os seguintes contidos:
 - a) No acordo da xunta xeral do 22/12/2008 e no título “Finalidade orientadora e de referencia”, o seu apartado a).
 - b) No título preliminar, capítulo I, a súa última frase: “así coma en calquera outro ditame ou opinión corporativa sobre honorarios a falta de pacto ou de acordo escrito entre partes”.
 - c) No título preliminar, capítulo II (“Principios básicos”), o seu apartado b) “Aplicación supletoria”.

O pasado 19/02/2010 realizáronse en Valencia unhas xornadas sobre adaptación das normas colexiais de honorarios a esta nova normativa. Nestas xornadas chegouse ás seguintes conclusións:

1. A maioría dos colexios optou por derrogar as normas ou criterios, que quedan reservados só para taxación de custas e xura de contas, baixo a denominación “Criterios da Xunta de Goberno de ... en materia de taxación de custas e xura de contas”.

2. Faise imprescindible formar e divulgar entre os avogados e avogadas a necesidade de presentar a folla de encargo ou orzamento. Por un dobre concepto: como dereito da persoa usuaria do servizo xurídico a ter esa información e como garante do letrado que intervén.

3. É recomendable incluír nas follas de encargo ou orzamento “cláusulas de salvagarda”, é dicir, advertir ao cliente de que a intervención profesional é unha intervención de medios, non de resultados.



25 aniversario da Escola de Práctica Xurídica

O pasado 9 de xullo tivo lugar a conmemoración do XXV aniversario da Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela (EPX) no Salón Nobre do Colexio de Fonseca.

Ademais dunha nutrida representación de profesorado da EPX e da USC, este acto reuniu numerosas autoridades e profesionais do mundo do dereito galego que non quixeron perder tan memorable acontecemento, o cal estivo presidido polo reitor da USC, Juan Casares.

O acto serviu tamén de cerimonia de despedida do alumnado da promoción 2008/2010 da Escola e como presentación da Asociación de Antigos Alumnos da Escola de Práctica Xurídica, presidida por Bernardo Dios, quen poderá ofrecer a información necesaria aos interesados en formar parte desta asociación.

No transcurso cerimonioso leváronse a cabo diversas conmemoracións, como a que homenaxeou o presidente da Audiencia Provincial da Coruña, José Luis Seoane Spiegelberg, ou a que recoñeceu a traxectoria do decano saínte do Colexio de Avogados da Coruña, Jesús Varela Fraga.

O director da EXP, Lotario Vilaboy, realizou un percorrido pola historia da institución nos seus 25 anos de existencia. O que comezou sendo unha pequena escola cuns poucos alumnos converteuse co paso do tempo nunha institución de referencia na formación da

avogacía e da procuradoría galegas. Na actualidade conta con novas instalacións, máis de 2000 horas de formación práctica e convenios de colaboración con institucións públicas e privadas nas que o alumnado pode completar a súa formación práctica nas principais destrezas que debe dominar un avogado ou un procurador.

Na mesma liña, Vilaboy apuntou que foron máis de mil os alumnos que pasaron pola Escola durante este tempo e que actualmente o número de colaboradores ascende a 150, aos que agradeceu o feito de que poñan os seus coñecementos ao servizo do alumnado.

No contexto desa evolución, o director da EPX quixo facer especial fincapé na actividade desenvolvida polos promotores da Escola: entre outros, Carlos Pajares, Javier Álvarez Santullano ou o falecido Evaristo Nogueira Romero. Deles destacou que foron persoas que souberon ver a necesidade de crear un centro con estas características cando naqueles tempos este tipo de ensinanza non era obriatoria.

Finalmente, o profesor tamén quixo lembrarles aos presentes que a formación na Escola é continua, tanto para o alumnado como para o profesorado, e que se trata dun centro forxado coa ilusión colectiva e cos esforzos de moitas persoas enfocados na mesma dirección, o que fai da Escola un «centro singular». Así mesmo, sinalou que o seu obxectivo principal non é ser un centro de formación máis, senón continuar a ser un «centro de referencia».



Mutualidade

Asemblea xeral da Mutualidade da Avogacía 2010

A Asemblea Xeral da Mutualidade, celebrada en Madrid o 19 de xuño, aprobou as contas anuais do pasado exercicio cun superávit de 22,5 millóns de euros. Co orzamento para 2010 de novos ingresos de 452 millóns de euros (entre achegas de mutualistas e ingresos de investimentos, un 9% máis que en 2009) espera acadar un volume de aforro xestionado de 3.062 millóns, un 11,33% máis que o ano anterior, e unha rendibilidade dos investimentos do 5,73%.

Os bos resultados presentados permitiron asignarlles aos mutualistas do Plan Universal unha rendibilidade final do 5,31% e facer unha entrega extraordinaria de 625 euros, a favor de cada un dos case 10.000 mutualistas xubilados, así como a todos os pensionistas de invalidez e viuvez anteriores ao 26 de novembro de 2005, data de conversión da Mutualidade ao sistema de capitalización individual.

No seu informe ante a Asemblea, o presidente, Luis de Angulo, destacou os principais logros acadados en 2009 baseados na «dedicación, a profesionalidade, a independencia e a austeridade, por unha parte; e por outra, non ter que aboar

comisións de xestión e depósito, como outros competidores do mercado, nin que aboarlles dividendos aos accionistas».

Das grandes cifras obtidas no peche, subliñou que o número de incorporacións aumentou un 5,89% ata acadar os 155.107 afiliados; que o aforro xestionado chegou aos 2.750 millóns de euros, un 11,2% máis que o exercicio anterior, fronte ao 5,8% do sector asegurador de vida; e que as achegas medraron ata os 253 millóns de euros, un 10,16% máis que o ano anterior, moi por enriba do 5,6% que tivo o sector asegurador.

Canto ás novidades propostas á Asemblea, destaca a posta en marcha da nova cobertura de dependencia que lles proporcionará rendas aos mutualistas no caso de gran dependencia ou dependencia severa.

O presidente resaltou os bos resultados do pasado exercicio afirmando que «para a Mutualidade o exercicio 2009 foi un bo ano, pois logramos, despois de contabilizar accións solidarias por 13,04 millóns de euros, un excedente de 22,5 millóns».

Razóns para mobilizar á Mutualidade os saldos en plans de pensións doutras entidades

As razóns polas que os mutualistas están a decidir mobilizar á Mutualidade os seus saldos en plans de pensións doutras entidades son:

- a rendibilidade superior obtida polo Plan Universal
- a ausencia de comisións e aplicación de menores gastos: un 0,50% fronte ao 2,6% que poden acadar os plans de pensións, que seguen cobrando aos seus partícipes a pesar de obter revalorizacións negativas
- que o Plan Universal permite consolidar os saldos xa que, ao ser un seguro, estes non se ven afectados pola volatilidade dos mercados financeiros

Ademais, esta operación non ten efecto fiscal (non hai que pagar impostos) nin computa para os efectos do máximo de achega anual.

Ademais das mobilizacións recibidas, por 45,7 millóns, durante o ano 2008 5.044 mutualistas efectuaron achegas extraordinarias, por un total de 22,2 millóns, un 23% máis que o ano anterior.



A Mutualidade acada os 3000 millóns de aforro xestionado e agasalla a mutualista que coa súa achega contribuíu á dita cifra

Ao peche do terceiro trimestre, o volume de aforro xestionado aumentou en 311 millóns de euros grazas á sacugas dos mutualistas. Margarita Trallero Flix, avogada de Barcelona, contribuíu a acadar os 3000 millóns de euros, grazas a unha achega extraordinaria aos eu Plan Universal que realizou a través da área privada da web da Mutualidade.

Á “mutualista 3000 millóns” déuselle un pequeno agasallo cuxa entrega tivo lugar na sede do Colexio de Avogados de Barcelona, á que asistiron o decano do colexio, Pedro Yúfera, o vicepresidente da Mutualidade, José María Antrás, e o vogal da comisión executiva, Juan Bassas.

A rendibilidade do Plan Universal sitúase moi por enriba doutros instrumentos de similar finalidade

Segundo Inverco, a media ponderada dos plans de pensións do Sistema Individual dende setembro de 2009 a setembro de 2010 foi do 0,09%.

Polo tanto, a evolución da carteira da Mutualidade, en termos de rendemento, compárase moi favorablemente con respecto aos fondos de pensións equiparables (renda fixa mixta e renda fixa a longo prazo).

A Mutualidade prevé acadar unha rendibilidade próxima ao 5,71% en 2010, o que permitirá soste-lo 5,14% a favor do Plan Universal

Seguindo coa tradicional política conservadora e unha minimización do risco, aproveitáronse as oportunidades que ofreceu o mercado no ámbito da renda fixa pública, o que permite augurar unha rendibilidade final do 5,71% no conxunto de activos investidos.

Malia as dificultades do mercado financeiro, a carteira actual da Mutualidade e a rendibilidade xa conseguida a 30 de setembro, permiten inferir como moi razoable obter a finais do exercicio 2010 o obxectivo marcado do 5,71% de rendibilidade neta, que suporá un 5,14% (o 90%) para o Plan Universal, quedando o 0,57 restante para accións solidarias a favor dos pensionistas, así como o reforzamento dos fondos de solvencia.



Jorge Cid Carballo

“Un problema xeneralizado neste país, e que tamén nos afecta aquí en Santiago, é a ratio de xuíces por habitante, que hai que mellorar”

Fillo de procurador e irmán de avogado. Polas súas veas corre o sangue do Dereito. E nótase. **Jorge Cid Carballo** recíbenos no seu despacho ao pouco de estrear o seu flamante cargo de xuíz decano. Dende esta atalaia ten moitas ideas que achegar para a mellora da Administración de xustiza e pensa poñelas en práctica. Persoa prudente e comedida, confésanos que de non ter sido xuíz optaría polo exercicio da avogacía, profesión que entende como un dos piares fundamentais da Administración de xustiza e á que polo tanto manifesta respecto. E nós, por suposto, agradecemosllo.

Cales foron as motivacións que lle fixeron decantarse pola carreira de Dereito e despois pola carreira xudicial?

Por Dereito decanteime porque, ao ser meu pai procurador, na casa sempre estiven algo rodeado do mundo do dereito e porque, ademais, Dereito era unha carreira que tiña saídas.

Xa despois na carreira tiven claro que cando rematase optaría ou ben pola carreira de xuíz ou pola profesión de avogado. Finalmente, a idea de ser xuíz gustábame e metínme na oposición pensando que tamén era unha forma de completar a formación, pois

a opción do exercicio sempre ía estar aí e a formación que ía adquirir durante a oposición non me viría mal en calquera caso.

Foime ben e aprobei, pero teño claro que, de non aprobar a oposición de xudicatura, trataría con case toda seguridade de exercer como avogado.

Cal foi o seu itinerario profesional ata chegar aquí?

O meu primeiro destino foi Ribadavia. Despois estiven destinado en Ponteareas unha etapa bastante curta e o seguinte paso xa foi vir a Santiago, ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número

5, que primeiro era mixto e agora só de primeira instancia, e xa vai para once anos que estou aquí.

E agora o decanato. Que o impulsou a presentarse?

Pois o primeiro que me impulsou foi que o deixase Javier Míguez, porque ao deixalo el quedaba un baleiro, e tamén me animou algún compañeiro. Alguén tiña que asumir esa tarefa e eu considerei que me encontraba nunhas condicións, por motivo de traballo e de experiencia e coñecementos profesionais, nas que podía achegar algo no decanato, que non é unha tarefa especialmente agradecida pero alguén ten que asumila. Neste caso tocoume a min, e veremos que tal o fago.

Que retos lle presenta esta nova etapa?

Pois por un lado, continuar o que Javier Míguez fixo ben e tratar de mellorar aqueles aspectos que se poida, tratando de coordinar en mellor medida o funcionamento dos xulgados de cara ás prácticas internas, os criterios de actuación... Por outro lado, o labor do decano en moitos aspectos está moi limitado. Ten que ser un pouco interlocutor con outras administracións xa que, por desgraza, no ámbito da xustiza dependemos en boa medida dos medios que nos proporcionan outras administracións, porque nós carecemos de capacidade orzamentaria, e tratar de conseguir que vaian mellorando eses medios, que non son poucos os que fan falta.

Concretando iso, que insuficiencias ou deficiencias atopa e que cuestións considera mellorables?

Por desgraza, son bastantes as deficiencias.

Dende un punto de vista dos medios persoais, unha das deficiencias básicas que hai na Administración de xustiza, que é un problema xeneralizado neste país e que tamén nos afecta aquí en Santiago, é a ratio de xuíces por habitante, que hai que mellorar. Os xuíces estamos cansos de repetir que estamos na cola de Europa nas estatísticas, pero moi na cola, detrás de países que están moi por detrás de nós a nivel económico. Iso tradúcese en tratar de conseguir a creación de máis órganos xudiciais; tamén aquí en Santiago.

Despois tamén hai deficiencias nos medios materiais que utilizamos: computadoras, impresoras..., e nas propias instalacións do xulgado, que moitas veces non hai espazo abondo e temos que repartir as salas de vistas con problemas.

Tamén hai problemas á hora das periciais, en temas de familia é para min especialmente preocupante a falta de psicólogos.

Ademais de incrementar a ratio de xuíces, cales pensa que serían boas vías para acabar co colapso que sofre a xustiza no noso país?

Agora que todo o mundo fala, por exemplo, de solucións extraxudiciais, eu hei de dicir que son un pouco escéptico ao respecto. Teño amigos avogados que cando recorreron ao tema da arbitrase en moitos casos saíron escaldados.

Penso que o que si se poderían mellorar serían os instrumentos legais. Por exemplo, nos procesos civís deuse un paso moi grande no que é a tramitación, pero hai materias pendentes na execución. Lograr que poida ser máis efectiva e máis coactiva. Pérdese moito tempo cando se manda un oficio a unha empresa para reter un embargo ou mesmo aos bancos, moitas veces non contestan ou pasamos meses tratando de que nos dean os datos, que nos subministren a primeira información sobre a que actuar. Noutros países do noso ámbito europeo, ese primeiro requirimento dos xulgados non atendido leva ás veces consigo unha pena de prisión para quen non atende, que fai que os requirimentos sexan moito máis efectivos e se cumpran máis rapidamente. Xa noutros ámbitos, falando da instrución en penal, estamos a traballar cunha lei de axuízamento criminal que, malia ter sufrido moitas reformas, é do século XIX. Estase a falar tamén da posibilidade de atribuírlle a instrución ao ministerio fiscal, e ao mellor é unha vía, pero sempre e cando se revise un pouco a autonomía do ministerio fiscal.

En que medida se notou o efecto da crise no volume de traballo dos xulgados?

Nótase en todos os xulgados. A crise económica repercute nos xulgados do social, nos despedimentos; repercute nos xulgados do civil porque hai moitos impagos e, polo tanto, moitas reclamacións de cantidade, moitas execucións hipotecarias, concursos... E tras unha crise económica tamén vén unha crise social que se reflicte despois na vía penal.

O problema é que os xulgados xa contaban cuns medios moi limitados en tempos de bonanza económica e cando chega a crise incrementábase o número de asuntos pero non incrementa a capacidade de dar resposta a eses asuntos, e claro que se nota.

Cales son os aspectos máis positivos e destacables do novo modelo de oficina xudicial?

Como aspectos positivos, descarga de traballo o xuíz de tarefas burocráticas nas que se perde moito tempo e permite un uso máis racional, por dicilo así, do persoal dos xulgados.

Haberá que ver se esa separación que se marca entre a oficina xudicial e o xuíz chega a ser beneficiosa ou non de cara á tramitación dos procedementos, porque eu creo que o dereito procesual vai moi unido á resposta, á sentenza, á aplicación do dereito, á cuestión de fondo. Teño as miñas dúbidas sobre se, tal e como está deseñado hoxe en día o proceso no que o xuíz está moi apartado do que é o dereito procesual ou moi afastado da tramitación, efectivamente iso se vai traducir nunha maior axilización dos procesos ou non.

Polo momento haberá que implantar a oficina xudicial, para o cal se necesitan máis recursos, e estamos nun momento no que precisamente o que hai son menos recursos. Tamén haberemos de ver se a oficina xudicial tal e como está deseñada é efectiva e real ou imos estar moito tempo nun período transitorio.



Cal é a súa opinión sobre o labor dos letrados na Administración de xustiza e o da avogacía de Santiago de Compostela en particular?

Para min, o labor dos letrados é fundamental, como é o do xuíz. É outra posición dentro do proceso pero é unha posición fundamental como garante dos dereitos dos cidadáns e da xente que se achega ao xulgado.

Tamén é unha posición fundamental de cara á axilización da xustiza. Isto é algo no que non se fai fincapé pero eu creo que os avogados nese sentido fan de filtro tanto no positivo como no negativo, pois poden axudar a que a xustiza non se colapse facendo de filtro entre esta e o cliente e axilízala, mais tamén poden xerar maiores dilacións nela. Polo tanto, eu creo que dende o punto de vista da eficacia da xustiza xogan un papel fundamental.

Que opinión lle merece o labor dos letrados da quenda de oficio de Compostela?

Ás veces danme un pouco de pena os avogados da quenda porque o que din é que os seus clientes son os que máis esixen e os que máis se queixan e, non o sei exactamente, pero polo que oín non está excesivamente ben retribuído.

Dende o punto de vista noso, dos xuíces, non hai ningún problema nin ningunha queixa co funcionamento da quenda de oficio. Coma en todo, hai xente que fai ben o seu labor e xente que non o fai tan

ben. Hai xente que leva un asunto da quenda de oficio e deféndeo coma se fose un cliente particular e outra xente que ao mellor é máis deixada e non traballa tanto o asunto, pero iso coma en todas as profesións, tamén hai xuíces que traballan máis os asuntos e outros que os estudan menos.

Como avalía o concepto da xustiza que ten a sociedade española?

As enquisas din que as críticas contra o funcionamento da xustiza son máis numerosas na xente allea aos procesos, que nunca tivo contacto coa Administración de xustiza, ca na xente que pasou por un proceso que en xeral valora mellor o funcionamento da xustiza. Penso que hai moito estereotipo no sentido de que a xustiza neste país funciona moi mal, moi mal, moi mal, e eu quero romper unha lanza en favor da xustiza, porque a pesar dos limitados medios que temos –só hai que comparar a diferenza de medios ao entrar nun xulgado e ao entrar noutras administracións– gustárame a min que noutras administracións, primeiro, se respondese sempre, como se fai case sempre nos xulgados, porque hai moitas administracións que se permiten non contestar sistematicamente ao administrado e, segundo, que se respondese dunha forma bastante motivada e bastante fundamentada en dereito, pois a resposta doutras administracións ao administrado moitas veces deixa moito que desexar. Daquela, eu dende dentro non son tan negativo. Creo que se venden moitos estereotipos e hai moita información puntual negativa sobre casos concretos e, por dicilo dalgún xeito, «non se vende ben» o que se fai no día a día dentro da Administración de xustiza.

Non obstante, e ao fío do tema da crise, non é unha idea estereotipada que un particular tarde anos, por exemplo, en obter resposta cando reclama un dereito de crédito no xulgado e, pola contra, vexa a axilidade e a eficacia coas que calquera administración executa os seus créditos e embargos. Como lle explica isto un avogado ao seu cliente?

En primeiro lugar, eu creo que efectivamente a Administración normalmente é máis expeditiva porque moitas veces deixa de lado algúns dereitos. Nós, en canto a notificacións somos máis garantistas porque temos que velar polos dereitos da xente, do debedor e do acredor, dos dous.

Por outro lado, tamén hai un alto nivel de non pagamentos ou de non cobramentos noutras administracións, pero o que é claro é que, se a axencia tributaria ten que executar unha sanción, dispón de medios e ten os datos e a información sobre as persoas para facelo e, en cambio, os xulgados dependemos da información que durante moito tempo se nos negaba por parte doutras administracións para descubrir os bens que ten esa persoa e que aínda hoxe en día, aínda que se mellorou moito nese terreo, se nos seguen subministrando dun xeito bastante parco.

Eu propoñería que a colaboración entre as administracións fose moito máis áxil e moito máis transparente.

Segundo vostede, cal é a causa pola que outras administracións chegan antes e con maior eficacia a onde un xulgado non chega ou tarda anos en facelo?

A xente móvese con estereotipos no ámbito da xustiza e hai que facer pedagogía e explicarlle a esa xente as limitacións que temos nesta Administración.

E por outro lado, o xulgado non o consegue porque non ten ao seu alcance eses medios; ten que insistir, ten que pelexar e por iso digo eu que sería bo, como apuntaba antes, na execución establecer medidas ou dotar o xuíz de instrumentos máis áxiles e de maior coacción para poder efectivamente executar as resolucións xudiciais, que efectivamente considero que é unha materia pendente.

Outro problema é que o número de execucións que temos pendentes nos xulgados fai que moitas veces sexa imposible controlar as execucións, entón ou o avogado está enriba do asunto ou o xulgado doadamente se despista. Comentábanme por exemplo inspectores de facenda, falando de volume de traballo, que para eles era impensable traballar co volume de asuntos que temos nos xulgados. Ese é o problema, que aquí para levar as execucións de todo o partido xudicial de Santiago estamos seis xuíces de civil, en civil, e, ¿cantos inspectores ou subinspectores de facenda haberá para o mesmo territorio?

É agradecida a profesión de xuíz?

É pouco agradecida. Coido que é máis agradecida a profesión de avogado. Recordo un xuíz da Audiencia Nacional que pedira a excedencia ou se xubilara e pasara a exercer como avogado e ao pouco

tempo facíanlle unha entrevista na que contaba que nos poucos meses que levaba como avogado coñecera o significado dunha palabra que non coñecera en todos os anos que exercera como xuíz e que era a palabra «agradecemento». Porque o xuíz cando fai o seu traballo, se o fai ben ninguén llo vai agradecer directamente. Teño un irmán avogado e sei o agradecido que pode ser un cliente cando un avogado lle traballa o asunto e o gaña, o agradecido e contento que queda; esa sensación nunca chega ao xuíz. Faga ben ou faga mal o seu traballo, está nese aspecto máis afastado da realidade e entón aí queda a sentenza, pero o agradecemento...

Compartiría con nós algunha anécdota da súa carreira que lle chamase especialmente a atención?

As anécdotas máis curiosas que me sucederon foron sempre con motivo dos internamentos. Lembro unha persoa que fomos ver a unha residencia para autorizar o seu internamento, pero o forense e mais eu estivemos uns quince ou vinte minutos falando con el e era unha persoa moi culta, que mesmo recitaba os clásicos e contestaba de forma coherente a todo o que lle preguntabamos, ata que nun determinado momento dixo que xa tiña que marchar porque lle ían entregar o premio Nobel e tiña que saír cara a Noruega.



M.ª del Mar Vivero Vizoso
Colexiada 1000 do ICA Santiago



Noemí Peteiro Pereda
Colexiada 1959 do ICA Santiago



Baldomero Cores Transmonte

Naceu en Cee (A Coruña) aínda que se considera compostelán, o avogado e escritor Baldomero Cores é o autor, entre moitos outros, do libro *Historia do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela*. Foi o primeiro letrado e o primeiro director da Biblioteca do Parlamento de Galicia no ano 1983, ao que se incorporou tras unha longa estancia en Puerto Rico, onde exerceu o seu labor como catedrático universitario e como cónsul. Delegado para o Caribe do Museo do Pobo Galego, obtivo, entre outros, o Premio Galicia de Comunicación nos anos 1988 e 1996, o Galicia Fulget no ano 1996, e o Premio Ordinario e Único Extraordinario do Premio Mourente, así como a Medalla de Ouro da Federación de Libreiros de Galicia. E ten a honra de ser o cronista oficial da súa vila natal.



Como ve vostede o Santiago de hoxe fronte ao Santiago que coñeceu noutras épocas?

Home, Santiago, como toda cidade, ten os seus cambios inevitables. De como o vexo, diría que algo confuso, dende o punto de vista organizativo. Agora estase vendo, estase desfacendo a cidade para refacela aos cinco minutos. Coido que habería que ter una política máis clara do que se quere e do que se pretende. Non é culpa dos políticos de agora, é unha mentalidade que non é de hoxe tampouco. É unha mentalidade bastante arraigada en Santiago que non é doado de erradicar. Por exemplo, vén o Papa, pois todos, os inimigos e os amigos, xa hai unha loita. Falta esa comprensión de todos. E citei o caso do Papa por estar hoxe de actualidade. Santiago é unha cidade que van facer líder, aínda que non queira.

Cre que Santiago pode ser un referente mundial ao nivel doutras cidades santas como Roma ou Xerusalén?

Eu creo que o liderado, por exemplo, xa o tivo na orde académica. Santiago era a gran cidade académica, e fóra de aí, era un pobo como tantos outros. Se mantivese esa capacidade de proxección académica, que realmente era unha universidade con catro cousas, pero se mantivese iso e se proxectase cara ao exterior, ao mellor sería unha cidade importante. Eu tiña unha sección en La Voz de Galicia e facía vaticinios sobre as posibilidades, e sempre dixen que se Santiago quería ser algo, tiña que orientarse cara a abaixo, cara ao sur, é dicir, pasar Conxo, etc., e pasar por aí. E déuselles por facer o Santiago de arriba, polo norte, que hoxe existe tamén, non sei se un pouco forzado, pero daquela non existía. Empezan a saír unhas casañas e non progresaba iso. Iso sería, ao mellor, unha baza para iniciar un Santiago distinto ao que era. Para min, era un sanatorio, foi para arriba e seguiu sendo un sanatorio, e se fose cara a abaixo, coa industria que xa empezaba de Conxo para abaixo, ao me-

llor sería..., que ao final fíxose brutalmente agora, metendo aí todo canto hai fóra (Bertamiráns, Cacheiras...) que antes non existían como cidades ou vilas, senón que eran lugares.

En relación con Santiago, que opina vostede do Camiño de Santiago? Que lle pode reportar a esta cidade?

Ben, o Camiño de Santiago fíxeno unha vez cunha neta miña. Creo que é un elemento esencial da cultura, entón rexa quen o rexa, hai que facelo con forza, hai que darlle forza, independentemente do criterio que teñas, hai que tratalo con moito coidado. Agora, aí vai incluído todo o que queiras. Para os comerciantes, fenicios e tratadistas, que hoxe hai moitos, o Camiño é unha marabilla. Hai outros aspectos da espiritualidade, unha relixiosidade, xa que hoxe hai moita xente no Camiño que é católica pero tamén moita que é protestante.

Pero, pode axudar o Camiño a que a cidade se poida converter nun futuro nesa cidade de liderado internacional, como foi no século XII?

Si, eu creo que debería facelo, ou cando menos intentalo. Pero incluso debería haber algunha institución que o avalase e, incluso, que temperase un pouco a avaricia dos fenicios.

Cre que o Camiño ten unha versión mercantilista?

Si, e que é lóxica e non ten nada de particular, porque se colles o Codex Calixtinus, alí podes ler todo sobre os mercadores, as mercadoras, as ladroas... Todo isto está nos libros, de xeito que a min estráñame moito cando se fan estas distincións, porque o Camiño empeza e desenvolve unha vertente mercantilista arredor da cuestión relixiosa. Ademais é curioso porque todos estes casos eran de arriba, da zona norte. Pero ti colles, por facerme propaganda, o meu libro A Casa da Troia, e os casos da rúa do Vilar entre os cabalos, os mercadores, o tráfico de señoras..., e todo iso era normal e está nos libros, e non andamos a dicir qué era espiritual e qué non.

Baldomero Cores nace na vila de Cee, e moi novo, con 11 anos, vén coa súa familia vivir a Santiago. A pesar de que dende daquela vive en Santiago, está vostede moi vencellado con Cee, da que é o cronista oficial, foi pregoeiro varias veces das festas da Xunqueira. Que significa Cee para vostede?

Pois Cee para min, que máis podes pedir, é a miña vila natal, onde nacen e morren moitos dos meus familiares, e o de ir para Santiago foi un pouco unha casualidade. Meu pai era o administrador da empresa Transportes Finisterre, o que lle daba unha marxe para viaxar, porque eu viaxaba nos coches da empresa Guillén, gratis, de modo que saín de Cee cando xa coñecía moi ben Santiago.

Nalgres, vostede dixo unha vez que en Cee naceu e en Santiago renaceu. Que quixo dicir con iso?

Foi unha metáfora. Ao pouco de chegar, uns amigos e mais eu íamos con moita frecuencia ao río Chaián a bañarnos. O río tiña moitos furados e eu un día metínme de máis, porque era máis intrépido ca hoxe, e non fun capaz de coller o ritmo porque era mal nadador. Daquela, outro rapaz que era un moi bo nadador veu e salvoume. De aí veu o de que eu renacera, porque nacín en Cee, que é unha cousa que sempre poño de primeiro, pero aquilo foi un renacemento, porque senón acabábase a historia.

Xa en Santiago, inicia os seus estudos de Dereito. Que lembranzas ten do seu paso pola facultade?

Moi boas, pero non ten nada que ver co de hoxe. Agora hai outros medios e outras posibilidades. Creo que era unha sociedade moi bonita e moi distinta á de hoxe.

Despois marcha vostede a Madrid para incorporarse á docencia na Universidade Central como profesor de Ciencias Políticas. Para un galeguista coma vostede, que significou marchar para Madrid?

A miña galeguidade xurdiu en Cee, xa de pequeno, pero aínda non era un galeguista, o único que facía era falar galego. O sentimento de que Galicia era algo distinto para min era normal. O noso centro de reunión era o Centro Galego, e estabas sempre alí, mesmo comiamos alí, é dicir, que a cousa galega estaba alí. Calquera manifestación de galeguismo fóra do centro non tiña lugar. Un dos primeiros que fai algo diso fun eu precisamente. Pero non presumiamos de galegos, senón que sentiámonos galegos, para nós era unha cousa vital, non se trataba de nada especial.

E logo veu Puerto Rico. Que foi o que o motivou para ir tan lonxe?

Eu xa levaba escribindo moito para a UNESCO. Hai dous tomos de colaboración nos que eu participei, e daquela a UNESCO estaba buscando xente para ir a países como Puerto Rico. Resultou que un dos seleccionados fun eu, aínda que non quería marchar de Santiago. Entón, o profesor de Dereito Internacional, Manolo Remuñán, moi amigo do fillo dun dos personaxes da Casa da Troia, de Nietiño, presentounos e preguntounos por que non ía para alá. Eu díxenlle que non, ata tres ou catro veces, pero dunha vez a maxia da Costa da Morte funcionou, Remuñán levounos ao restaurante Victoria e entre os dous convencéronme de que debía ir, e con ese convencemento fun. Eu estaba nese momento en Cee porque era o Nadal.



Pois para non querer ir, botou vostede quince anos...

Si, pero unha cousa é non ir, e outra é ir e estar alá.

E a volta, como foi?

O retorno foi por un acto de romanticismo, porque a verdade é que nós estabamos moi ben alí. Era profesor universitario, cónsul... Estabamos moi ben. O que aconteceu foi o proceso autonómico, e eu estaba escribindo libros pola autonomía. Eran practicamente os únicos que había sobre iso. Empezou a xurdir a idea de volver, e nesas estabamos cando saíu a praza de letrado do Parlamento, que gañei eu. Daquela volta outra vez, a ver que facíamos. Vin eu só uns meses, a explorar, sen Aurora, a miña dona, e puxen na balanza o que Puerto Rico era en realidade para min, e decidín que tiñamos que volver todos para aquí. E aquí estamos. Coa mesma cousa con que fomos, viñemos.

Vostede foi o primeiro letrado que tivo o Parlamento de Galicia?

Realmente eramos dous, Fariña e mais eu. Fariña era un gran letrado.

Que recorda daquela primeira etapa do Parlamento? Era moi distinto ao Parlamento de hoxe?

Si, era totalmente distinto. Home, totalmente distinto non se pode dicir, porque unha institución non se cambia así porque si. Hoxe teñen moitos máis medios, e iso é importantísimo. Nós pasabamos a maior parte do tempo, por exemplo, asesorando os parlamentarios, por calquera cousa viñan onda ti. Daquela ti alí eras un centro, que é o que din incluso eles agora. Hoxe, xa hai letrados especializados e xa é outra cousa, que non creo que sexa mellor ou peor, simplemente é distinta. **En todo ese tempo cruzárase con todo tipo de políticos. Lembra algunha anécdota especial con algún deles? Podería describirmos as actitudes que existían daquela?**

Cando estabas nese nivel descubrías que o parlamentario non sabía moito. Non tiña as claves de moitas cousas. Eu facía uns apuntamentos, porque dei clases mil veces e sempre tiña uns apuntamentos sobre os temas que se ían tratar, e entón, cando viña o presidente da Comisión, ensináballe —«Oe, mira, teño isto aquí»—. Como eu sabía de que xeito dicir as cousas neses casos, porque queiras ou non o parlamentario pois ten —non sei se se pode dicir— certa pedantería, entón leváballe o papel.



“Eu fun sempre un político nato”

Como eu no consulado fixera moito este tipo de política, que me deu moi bo resultado –ao mellor xa o facía dende rapaz–, chegaba o político e eu dicíalle: «–Mira, ¿e ti non era mellor que estiveses calado neste punto?–». Todo isto diante de todos os demais, non vaiades crer que estabamos a conspirar. As cousas que vías que non había posibilidade de transacción xa non as formulabas. Iso dábache unha facilidade enorme, que probablemente hoxe non existirá porque o Parlamento cambiou moito, debe ter agora unha chea de letrados, pero nós eramos primeiro dous, despois tres e logo cinco, e de aí ata que me xubílei eu non se pasou dese número.

Que políticos coñeceu alí? Con cal tivo unha maior relación?

Eu tiven unha relación especial con todos. Era unha relación de amizade con todos. Aínda o outro día, e xa pasou algunha outra vez máis, fun coa miña dona, Aurora, a unha vila e atopámonos co señor Gato Soengas, que é deputado da Deputación de Lugo, e este home cando viu a miña muller, é que choraba. Non podo dicir que fose unha relación tan grande como el deu a entender, senón que era o manexo normal das cousas. Creo que esa é a clave, había un clima de camaradería que nunca excedín. Isto non pasaba con todos, non pasaba cos presidentes. Eu sentíame parlamentarista, e díxeno unha vez durante unha conferencia á que asistiu todo o Parlamento, que eu era parlamentarista e son parlamentarista, e iso non mo pode quitar ningún.

Tivo vostede tentacións políticas nalgún momento?

Eu fun sempre un político nato. Sempre. Que exerceu ás veces como cónsul e outras a través do Parlamento. Dado que o Parlamento é distinto do que era, e ti tes unha maneira de actuar, eu sempre o fixen dentro do meu sentido político, que é un sentido político de conexión entre a xente, sempre que se poida, claro.

De feito, hai leis, como a Lei da galeguidade, das que é vostede o pai. Non é así?

Aínda que non se podería dicir, porque é unha pedantería, son o pai, a nai e todo, porque está dito por eles no debate da lei, senón a min nin se me ocorrería dicilo.

Avogado, escritor, sociólogo, académico, filósofo... Póñame vostede en orde.

Probablemente son todas esas cousas xuntas. Creo que unha vez dixeron de min que era xurista por devoción e escritor por irremediable vocación. É o historiador do Colexio de Avogados de Santiago. Como xurdiu a idea de facer o libro da historia do noso colexio?

A idea do libro xurdiu entre o decano por aquel entón, Evaristo Nogueira, e mais eu, e quizais algún outro máis. Empezamos a darlle voltas e a impulsalo e fomos indo para adiante. E tan adiante foi, que incluso se presentou dúas veces antes de que saíse. É dicir, unha vez presentámosto no Teatro Principal, pero como se estivese feito xa, e era o manuscrito orixinal o que liamos, e despois foi andando e terminou sendo un libro que tivo moita fama.

Cales foron as súas fontes de información?

O Colexio de Avogados de Santiago ten moita documentación, pero saquei información de mil sitios. Algunha documentación perdeuse, pero o colexio ten moi bo material. Tanto é así que do libro está feita a primeira parte, pero non sae ningunha segunda. O que aconteceu despois foi que un día falando co xerente do noso colexio díxome que aparecera máis documentación, porque a idea que se tiña era que se perdera toda, de modo que eu non puider facer a segunda parte por iso, porque non había tal documentación. Pero daquela fun xunto del e díxenlle que nese momento non podíamos facela porque estaba a traballar no libro de Rajoy Lelup, que foi decano do colexio. Resulta que me encargaron ese libro e fixen unha parte moi ampla sobre o dereito de Galicia e, practicamente, esa obra é unha segunda parte do outro, moito máis breve, pero é unha segunda parte. De maneira que esa liña que pon alí de que é a primeira parte, éo relativamente, xa que o libro de Rajoy equivale case a facer o anaco da historia que falta. De modo que dunha maneira moi xenerosa, naturalmente, creo que está bastante completo para aquel que queira estudar minimamente o dereito galego.

Que proxecto ten agora Baldomero Cores enriba da mesa?

Estou con cousas, pero neste momento non teño ningún libro xa que aínda hai pouco saquei un dedicado a don Alberto Vicenti.

Vostede debeu ter moita relación coa avogacía compostelá. Que opinión ten da avogacía desta cidade?

É certo que os avogados de Galicia en xeral, e os de Santiago en particular, son moi bos. O que pasa é que antes en Santiago tampouco había moitos avogados. Estaban na Coruña e estaban en Vigo. En Santiago o grupo era pequeno e ademais limitábase a Santiago, Ordes, Negreira..., limitábase ao partido xudicial. Pero aquí houbo moi bos xuíces e bos avogados. O mestre de todos, para min, foi don José Reino Caaamaño, que foi un xurista dunha categoría excepcional, do que tiven a sorte de ser alumno, o que non é mérito ningún porque nos aprobaba a todos. O único que tiñas que facer era levarlle o libro de matrícula, e xa o fillo collíacho e despois ías recoller o aprobado.

Que libro ten na mesa de noite?

Teño varios, entre eles a *Historia do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela*. É curioso, porque este libro non é un libro de anécdotas,

porque precisamente, se vos fixades, o que pretendín foi eliminar a anécdota, co cal desaparecen moitos deses personaxes anecdóticos que nos servirían de marabilla para escoller trinta entre eles. No libro son as estruturas o que está xogando, e iso é o que lle interesa ao lector. E tanto é así que se fixeron teses de doutoramento sobre a técnica utilizada.

Que acontecemento do colexio é o máis relevante, ao seu entender?

Hai, por exemplo, unha figura importantísima, xenial, Eugenio Montero Ríos. Os santiagueses nunca chegaron a saber realmente quen foi Montero Ríos, porque nunca entenderon que era un xurista do máis grande que hai, e non souberon tratalo como é debido. Foi xeneroso con Santiago ata o máximo. Eu recordo cando explicaba en Xornalismo, cun ton moi pomposo, a algún dos grandes xornalistas da historia e comentáballes aos alumnos que tal persoa era un gran xornalista e unha gran figura, e logo preguntáballes aos alumnos se sabían quen era o señor que estaba alí na estatua, e non o sabían, e tñíano diante todos os días. A cidade admirouno moito, pero houbo unha polémica tremenda porque non deixaron poñer a estatua na Praza do Obradoiro, e eu creo que non estaba mal o non poñela. Foi unha polémica nacional, porque se colaban elementos ideolóxicos coa verdadeira valía do personaxe, pero eu creo que non debería poñerse, prescindindo de toda cuestión ideolóxica.

Cre daquela que a cidade o esqueceu?

A cidade fixo moitas cousas malas, cousas inocentes, e unha delas foi esa. Porque ti agora vas ver a Montero Ríos e, que ves alí? Uns tipos alí fumando, nun edificio ademais –eu e moitos estudamos alí– que debería ser tratado con toda deferencia. Está alí perdido nese gran edificio que debería ser unha gloria de Santiago, que está alí medio abandonado. Ademais, agora como che modernizan..., hai modernidade que vaia por Deus. Os de Correos, por exemplo, fanche aí un desastre. Eu cando entrei e vin como estaba este edificio, porque mira que é bonito o edificio, dixen, isto está todo perdido, porque o que perde iso perde a dignidade normal da cultura.

É dicir, que vostede cambiaría a estatua de Montero Ríos de lugar?

Si, pero para un sitio digno, aínda que non sei moi ben onde. Ten con todo unha rúa grande, céntrica, ou sexa que...



Manuel Martín García
Colexiado 1673 do ICA Santiago



Javier Sánchez-Agustino Mariño
Colexiado 1314 do ICA Santiago

Con que queda vostede, con mar ou montaña?

Non teño dúbida ningunha, a min gústame moito a montaña, sobre todo cando vexo eses cumes de camiño a Madrid e ves todo aquilo, gústame moito, pero non faría ningún cambio –aínda que me encanta a montaña– ante a Costa da Morte. Para nós, e eu escribino mil veces, non existe a Costa da Morte, existe a «Costa da Vida».

Para vivir, campo ou cidade?

Eu sempre fun de cidade.

Dígame, entón, unha cidade do mundo que o impresionase.

Home, eu creo que se é do mundo, será Nova York, con todos os enormes problemas que ten, que non haberá poboación que teña tantos problemas.

Un país.

Para min, Puerto Rico, en todos os aspectos.

En canto aos deportes, fútbol ou baloncesto?

Fun xogador de fútbol. Dicían, son esas inxustizas que se cometen na vida, que era moi «leñeiro». Xoguei primeiro de medio centro, despois de medio ala, pasei logo a lateral, pero sempre nesa fase de creación do fútbol. Antes era o central, ese era o posto que me gustaba a min.

Unha bebida e unha comida.

Unha bebida, a auga. E en canto á comida, calquera

comida galega que non leve picante, cousa que é case imposible. O marisco? Si, non hai mellor cousa para empezar, iso é o meu, dende rapaz. O meu marisco favorito é a centola, non teño dúbida ningunha, porque iso da nécora está moi ben, e gústame moito, pero paréceme un xoguete. Non, non, a min a centola dende pequeniño. E de peixes, o meu favorito é a faneca. Aí réunese a ciencia da culinaria, precisamente porque hai que dicir moi poucas cousas para que sexa perfecta.

Vostede foi ou é de bolígrafo ou de estilográfica?

Eu fun de todo. E son de todo. Empecei por todo: bolígrafo, estilográfica, á man, a todo. Non teño eses problemas, de Cela, por exemplo, que presumía da man, non sabe? A min dáme igual. O único que pido é que pinte ben, porque se pinta mal, desespérame bastante. Se teño que estar moito tempo para que o bolígráfico funcione, xa non me vale.

Na súa época de estudante, estudaba de día ou era noctámbulo do estudo?

Eu pola metade, de maneira que eu ás cinco ou ás seis da tarde podía estar libre para circular. Un futbolero non pode estar atado polo estudo, ten que ter unha marxe.

E foi de apuntamentos ou de libros?

Non había apuntamentos de mercadores, había li-

bros. Estudabamos por libros, por textos que ás veces eran complicadísimos, e ás veces eran de profesores xeniais, pero nada diso de apuntamentos.

Que música o amaina?

Parece un tópico, pero Mozart sempre foi o que se distinguíu máis comigo. De todas as maneiras, a música caseira, porque eu tiven familiares músicos, pois tamén me gustaba. Tiven un tío que foi un innovador do jazz aquí en Galicia, no mil novecentos vinte e tantos. Pero a música clásica limítoa un pouco aquí.

Se tivese a oportunidade de compartir mesa e mantel cun personaxe histórico, a quen elixiría?

Eu vinche moitos, sabes? Seríame difícil. Pero creo que con Darwin.

Que materia da licenciatura de Dereito lle gustaba especialmente, e cal non lle gustaba?

Eu era un estudante moi libre, de maneira que as materias gustábanme segundo as circunstancias. Ás veces gustábame o Dereito Romano, depende. Eu xa empezaba a escribir, daquela, por aí ás veces tiñas que coller un libro ou outro, pero nunca tiven ningunha preferencia. A min non deixaban de gustarme as materias, senón quen as impartía, eses eran..., incluído o profesor de relixión, que teño un solemne suspenso en relixión, como debe ser, xa postos a pedir indulxencias, polo menos, ter a onde acudir.

A competencia xurisdiccional dos xulgados contencioso-administrativos



María Dolores Rivera Frade

Maxistrada do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

1. Marco Normativo

A creación dos xulgados contencioso-administrativos xa estaba prevista na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, reguladora do poder xudicial (artigos 26, 90 e 91). O artigo 91 desta lei (competencias dos xulgados do contencioso-administrativo) limitábase a declarar que «Os xulgados do contencioso-administrativo coñecerán, en primeira ou única instancia, dos recursos contencioso-administrativos non atribuídos a outros órganos desta orde xurisdiccional». A reforma operada pola Lei 6/1998, do 13 de xullo (artigo único 8) deulle unha nova redacción a este precepto, que quedou redactado do seguinte xeito: 1. «Os Xulgados do Contencioso-Administrativo coñecerán, en primeira ou única instancia, dos recursos contencioso-administrativos contra actos que expresamente lles atribúa a lei»; e 2. «Correspóndelles tamén aos xulgados do contencioso-administrativo autorizar, mediante auto, a entrada nos domicilios e nos restantes edificios ou lugares cuxo acceso requira o consentimento do titular, cando iso proceda para a execución forzosa de actos da Administración».

Non foi ata a Lei xurisdiccional do contencioso-administrativo (LXCA), Lei 29/1998, do 13 de xullo, cando se ofreceu unha regulación específica das competencias destes órganos xudiciais.

Pasaron máis de dez anos dende a entrada en vigor da Lei 29/1998, e polo tanto dende a entrada en funcionamento dos xulgados contencioso-administrativos, e dende aquela data en que o lexislador poñía de manifesto, a través da exposición de motivos da lei, a súa máxima preocupación polo resultado do labor destes órganos xudiciais, aos que por tal razón lles atribuíu competencias mediante un sistema de lista taxada, sucedéronse varias reformas, sendo a máis importante a levada a cabo pola Lei 19/2003, do 23 de decembro (disposición adicional décima), coas que se foron incrementando as competencias inicialmente atribuídas.

Este traballo non contén un estudo completo e pormenorizado das competencias dos xulgados contencioso-administrativos, pero si trata de ofrecer un achegamento a unha materia que semella sinxela coa lectura dos preceptos que a regulan, pero que logo na práctica deron lugar a dúbidas interpretativas cuxo coñecemento pode ser de utilidade para quen nos enfrontamos a ela no noso labor profesional.

2. Competencia obxectiva dos xulgados contencioso-administrativos (artigo 8 da LXCA)

A competencia obxectiva ou por razón da materia dos xulgados contencioso-administrativos regúlase no artigo 8 da LXCA, que tras a reforma operada pola Lei 19/2003, e aínda acudindo a un sistema de lista taxada, recolle un conxunto de competencias nada desprezable, como a continuación se verá.

2.1. Competencias no ámbito da Administración local (artigo 8.1 LXCA)

O apartado primeiro do artigo 8 da LXCA refírese á competencia dos xulgados do contencioso-administrativo para coñecer en única ou primeira instancia, segundo o disposto na lei xurisdiccional, dos recursos que se deduzan contra os actos das entidades locais ou das entidades e corporacións dependentes ou vinculadas a estas.

A fórmula que emprega o lexislador despois da reforma operada pola Lei 19/2003 para lles atribuír competencias a estes órganos unipersoais, trátase dunha fórmula aberta, e só se exceptúan do seu coñecemento as impugnacións dos instrumentos de plan urbanístico, de cita expresa na norma.

Pero é que ademais na redacción anterior deste precepto só se facía referencia a actos das «entidades locais», polo que quedaban excluídos do coñecemento dos xulgados os actos das entidades e das corporacións dependentes ou vinculadas a estas, como sucedía por exemplo co Consorcio da Cidade de Santiago ou co Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, cuxos actos eran fiscalizados xudicialmente pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza. Esta situación viuse modificada coa reforma do 2003, ao engadirse ao artigo 8.1 as entidades e as corporacións dependentes ou vinculadas ás entidades locais.

Por outra parte, e ben que neste apartado primeiro do artigo 8 se exclúen do coñecemento dos órganos uniper-

soais, unicamente, as impugnacións de «calquera clase de instrumentos de plan urbanístico», iso non significa que en todo o demais sexan competentes aqueles órganos xudiciais, pois en tanto que o precepto lles atribúe competencia para o coñecemento dos recursos que se deduzan contra os «actos» das entidades locais ou das entidades e corporacións dependentes ou vinculadas a estas, quedan excluídas do seu coñecemento as disposicións administrativas locais que teñan a consideración de disposicións administrativas de carácter xeral (ordenanzas municipais, acordos reguladores das condicións de traballo do persoal ao servizo da Administración local, regulamentos de réxime interior, etcétera).

Baixo este apartado merecen unha atención particular as relacións de postos de traballo e mais os acordos de aprobación dos orzamentos municipais, pois aínda cando en ambos os casos nos atopamos claramente ante disposicións administrativas de carácter xeral, o que podería dar a entender que a súa impugnación debe residenciarse ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, de conformidade co disposto no artigo 10.b da LXCA, no entanto a Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG (Seccións primeira e segunda), veu entendendo que se tal impugnación non lle afecta á estrutura destas disposicións administrativas senón a aspectos singulares, a competencia para o seu coñecemento ha de atribuírse dos xulgados unipersoais (auto da sección primeira do 12 de novembro de 2001). A iso pode engadirse que no caso de impugnación indirecta dunha disposición xeral con motivo da impugnación directa dun acto de aplicación (por exemplo, impugnación indirecta da RPT con motivo da impugnación directa do cesamento de funcionarios ao servizo dunha entidade local), aínda cando a impugnación indirecta lle afecte á estrutura da RPT esta circunstancia non modificaría a competencia do xulgado contencioso-administrativo chamado a coñecer desta impugnación directa, sen prexuízo da posibilidade de utilizar, se for preciso, a cuestión de ilegalidade regulada nos artigos 123 e seguintes da LXCA, polo que quedará reservado o artigo 10.1.b para os recursos directos contra disposicións xerais, cos matices que sinalamos anteriormente.

Canto ás impugnacións de «calquera clase de instrumentos de plan urbanístico», quedan incluídas nesta excepción as impugnacións dos estudos de detalle ao

tratarse dun instrumento de plan que goza da natureza de disposición de carácter xeral (ATS do 21 de maio de 2009, recurso de casación 1590/2007).

Non obstante, por carecer de natureza regulamentaria, e constituír instrumentos de xestión ou execución urbanística, quedan fóra de tal excepción, tanto os proxectos de reparcelación ou equidistribución aprobados polos concellos (STS do 29 de decembro de 2000, recurso de casación 9007/1995 do 8 de maio de 2009, RC 6408/2006 do 15 de decembro de 2008, recurso de casación 8157/2004), como os proxectos de urbanización (entre outros, auto do 10 de xullo de 2008, recurso de casación 3022/2007; auto do 13 de xaneiro de 2009, recurso de casación 348/2008; ou auto do 8 de outubro de 2009, recurso de casación 84/2009); como as delimitacións de unidades de execución (sentenza do 12 de novembro de 2008, recurso de casación 6074/2004, e autos do 11 de decembro de 2008, recurso de casación 696/2008, e do 8 de outubro de 2009, recurso de casación 813/2008); e as «cualificacións urbanísticas» (STS do 20 de novembro de 2009, recurso de casación 4126/2006).

2.2. Competencias no ámbito da Administración autonómica (artigo 8.2 LXCA)

O artigo 8.2 da LXCA dispón o seguinte:

«Coñecerán, así mesmo (os xulgados contencioso-administrativos), en única ou primeira instancia dos recursos que se deduzan contra os actos administrativos da Administración das comunidades autónomas, salvo cando procedan do respectivo consello de goberno, cando teñan por obxecto:

- a) Cuestións de persoal, salvo que se refiran ao nacemento ou extinción da relación de servizo de funcionarios públicos de carreira.
- b) As sancións administrativas que consistan en multas non superiores a 60.000 € e en cesamentos de actividades ou privación de exercicio de dereitos que non excedan de seis meses.
- c) As reclamacións por responsabilidade patrimonial cuxa contía non exceda de 30.050 €.»

O artigo 8.2 da LXCA refírese ás impugnacións dos actos administrativos ditados polos órganos centrais da Administración autonómica, pois a impugnación dos actos ditados polos órganos periféricos desta Administración de base territorial (por exemplo, delegacións provinciais, delegacións territoriais, etcétera), e a impugnación dos actos dos entes institucionais e instrumentais vinculados a ela (Servizo Galego de Saúde, Augas de Galicia, Portos de Galicia, etcétera), determi-

nan a aplicación do artigo 8.3, e non do artigo 8.2; de maneira que para dar lugar á aplicación do artigo 8.2 da lei xurisdiccional, coas limitacións que iso comporta - neste precepto si se recolle unha lista taxada de materias -, é necesario que se cumpra un dobre requisito:

- En primeiro lugar, que o acto administrativo obxecto de impugnación fose ditado por un órgano central da Administración autonómica (consellerías, secretarías xerais, direccións xerais, etcétera).
 - E, en segundo lugar, que o acto administrativo verse sobre algunha das materias taxadas que se recollen no indicado precepto, ás que me vou referir deseguido.
- a) En canto ás **cuestións de persoal**, serán competentes os xulgados contencioso-administrativos en todos os casos, salvo que se refiran ao nacemento ou extinción da relación de servizo de funcionarios públicos de carreira.

Baixo este apartado podemos tratar as seguintes cuestións:

a.1. En primeiro lugar, o que pode entenderse como «cuestión de persoal».

A expresión «cuestión de persoal» vén sendo interpretada de forma bastante ampla polos xulgados e tribunais, entendéndoa o Tribunal Supremo como toda pretensión relacionada co nacemento, desenvolvemento ou extinción da relación de servizo coas administracións públicas (ATS do 15 de xaneiro de 2009, recurso de casación 3197/2006). A título de exemplo, enténdense como cuestións de persoal a impugnación dos actos administrativos que denegan axudas do fondo de acción social ou as que resolven a adxudicación de vivendas a mestres, ou as cuestións xurdidas entorno ás vivendas militares, en canto derivadas dunha relación de servizos que se mantén coa Administración (STS do 2 de outubro de 2009, cuestión de competencia 35/2009). Así mesmo, trátase dunha cuestión de persoal, como declarou reiteradamente o Tribunal Supremo (por todos, auto do 28 de febreiro de 2008, recurso de queixa 752/2007), todas as que versen sobre a percepción de haberes pasivos, tanto se quen pretende que se lle aboen é o propio funcionario, nos casos de xubilación e retiro, coma se se trata dun familiar ou convivinte, nos casos de viuvez ou orfandade, por ser a relación funcional determinantede do dereito á súa percepción (STS do 31 de outubro de 2008, recurso de casación 24/2008).

a.2. En segundo lugar, o alcance da exclusión compe-

tencial das cuestións que se refiran ao nacemento ou extinción da relación de servizo de funcionarios públicos de carreira.

Baixo o subapartado (cuestións de persoal) do artigo 8.2 da LXCA, unicamente quedan excluídas do coñecemento dos xulgados do contencioso-administrativo as cuestións que se refiran ao nacemento ou extinción da relación de servizo de funcionarios públicos de carreira. E en canto que esta excepción só menciona os funcionarios públicos de carreira, é por iso polo que os xulgados unipersoais si serán competentes para coñecer das impugnacións das convocatorias e demais actos que ditén os órganos centrais da Administración autonómica nos procesos selectivos para acceso a prazas de persoal laboral ao servizo da Administración; impugnacións para cuxo coñecemento é competente a xurisdición contencioso-administrativa (STS, 4.^a, do 11 de marzo de 1993, partindo dos criterios da sentenza do pleno desa sala do 21 de xullo de 1992, pronunciada en recurso de casación para a unificación de doutrina).

Ademais, e cando, como queda dito, a excepción que recolle o artigo 8.2 baixo o subapartado de «cuestións de persoal» só menciona os funcionarios públicos de carreira, os actos administrativos que se refiran á selección de persoal interino quedan fóra dela (ATS do 25 outubro 2007).

Non determina o nacemento dunha relación de servizos na condición de funcionario público de carreira entre o aspirante seleccionado e a Administración convocante a participación nun proceso selectivo para o ingreso nun corpo administrativo pola quenda de promoción interna, nin a participación nun concurso de traslados, pois o nacemento desa relación de servizos é preexistente.

En canto ao persoal estatutario, a Lei 55/2003, do 16 de decembro, pola que se aproba o estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, na súa exposición de motivos e capítulo I, xa se refería ao carácter funcional da relación estatutaria, e aínda que na mesma norma se poñía de manifesto as peculiaridades especiais e as específicas características do exercicio das profesións sanitarias deste tipo de persoal, o artigo 2.4 da Lei 7/2007, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público dispón que «cada vez que este estatuto faga mención ao persoal funcionario de carreira, entenderase comprendido o persoal estatutario dos servizos de Saúde». Isto fai que o Tribunal Supremo asimile o persoal estatutario ao persoal funcionario de carreira

(ATS do 22 de maio de 2008, recurso de casación 1886/2007) aínda que o sexa respecto da admisión dos recursos de casación interpostos polo devandito persoal e nas cuestións que afecten ao nacemento ou a extinción da relación de servizo do devandito persoal estatutario fixo. E trasladando este criterio á interpretación que teña que dárselle á excepción que recolle o artigo 8.2 da LXCA baixo o apartado de cuestións de persoal, pode equipararse o persoal estatutario ao persoal funcionario de carreira para os efectos de excluír do coñecemento dos xulgados unipersoais os recursos interpostos contra os actos de convocatoria e demais que resolvan os procesos selectivos que impliquen o nacemento desa relación xurídico-estatutaria e atribuílos á sala do contencioso-administrativo do TSX, como así o vén admitindo o TSXG.

b) En canto ás **sancións administrativas**, son competentes os xulgados contencioso-administrativos cando consistan en multas non superiores a 60.000 € e en cesamentos de actividades ou privación de exercicio de dereitos que non excedan de seis meses.

Do mesmo xeito que o Tribunal Supremo se pronunciou no sentido de que a contía do recurso vén determinada polo importe da sanción pecuniaria e non resulta modificada pola imposición dunha sanción accesoria á de multa «pois sendo accesoria dunha sanción principal non pode modificar as regras de recorribilidade» (ATS do 14 de xullo de 1997, recurso 1370/1997, que se cita á súa vez na STS do 4 de novembro de 2009, recurso de casación 2368/2007), o mesmo criterio pode ser aplicado en interpretación do artigo 8.2.b da LXCA de xeito que as sancións accesorias aínda cando non se poidan cuantificar economicamente, se a sanción principal consiste nunha multa non superior a 60.000 € ou nun cesamento de actividades ou privación de exercicio de dereitos que non exceda de seis meses, a competencia para o coñecemento do recurso contencioso-administrativo será dos xulgados do contencioso-administrativo.

c) E, en canto ás **reclamacións por responsabilidade patrimonial**, son competentes os xulgados do contencioso-administrativo cando a contía non exceda de 30.050 €. Se a contía é indeterminada a competencia será da sala do contencioso-administrativo do TSX, de conformidade coa cláusula residual que se contén no artigo 10.1.a da LXCA; salvo que o importe dos danos e perdas polos que se reclama non poida superar, pola súa natureza, a citada

suma pecuniaria.

2.3. Competencias no ámbito da Administración periférica do Estado e das comunidades autónomas, no ámbito da chamada Administración institucional e na actividade instrumental, e no ámbito da chamada Administración corporativa (corporacións de dereito público) (artigo 8.3 LXCA)

O apartado terceiro do artigo 8 da Lei xurisdiccional dispón o seguinte:

«Coñecerán en única ou primeira instancia dos recursos que se deduzan contra disposicións e actos da Administración periférica do Estado e das comunidades autónomas, contra os actos dos organismos, entes, entidades ou corporacións de dereito público, cuxa competencia non se estenda a todo o territorio nacional, e contra as resolucións dos órganos superiores cando confirmen integramente os ditados por aqueles en vía de recurso, fiscalización ou tutela.

Excepciónanse os actos de contía superior a 60.000 € ditados pola Administración periférica do Estado e os organismos públicos estatais cuxa competencia non se estenda a todo o territorio nacional, ou cando se diten en exercicio das súas competencias sobre dominio público, obras públicas do Estado, expropiación forzosa e propiedades especiais.»

Este apartado representa unha especie de caixón de xastre ao que hai que acudir cando se trata de determinar a competencia para coñecer dos recursos interpostos contra actos ditados por órganos pertencentes a entes e organismos que integran a chamada Administración institucional, aos que se refire o artigo 2.2 da Lei 30/1992, o cal entende –para os efectos desta lei– por administracións públicas o seguinte:

«As entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes de calquera das administracións públicas terán así mesmo a consideración de Administración pública. Estas entidades suxeitarán a súa actividade á presente lei cando exerzan potestades administrativas, someténdose no resto da súa actividade ao que dispoñan as súas normas de creación.»

Hai que acudir igualmente a este apartado terceiro do artigo 8 cando se trata de determinar a competencia para coñecer dos recursos interpostos contra a actividade suxeita ao dereito administrativo que proceda das personificacións xurídico-privadas do sector público (sociedades mercantís de capital público e fundacións), naqueles casos en que entre en xogo a competencia da xurisdición contencioso-administrativa para coñecer de tales impugnacións.

O artigo 8.3 fai unha distinción entre:

- 1) Recursos que se deduzan contra a Administración periférica do Estado e das comunidades autónomas (delegacións de goberno, delegacións provinciais, etcétera), en cuxos casos a competencia dos xulgados contencioso-administrativos esténdese a «disposicións e actos», co que parece incluír non só os actos administrativos senón tamén as disposicións administrativas de carácter xeral.

Agora ben, baixo este primeiro subapartado cómpre distinguir entre:

- actos ditados pola Administración periférica do Estado, respecto dos cales non serán competentes os xulgados contencioso-administrativos cando sexan de contía superior a 60.000 € ou cando se diten en exercicio das súas competencias sobre o dominio público, obras públicas do Estado, expropiación forzosa e propiedades especiais.
 - actos ditados pola Administración periférica das comunidades autónomas, respecto dos cales serán competentes en todo caso os xulgados contencioso-administrativos, pois non opera a excepción antes sinalada.
- 2) Recursos que se deduzan contra a Administración institucional, entes instrumentais e corporacións de dereito público (organismos, entes, entidades e corporacións de dereito público cuxa competencia non se estenda a todo o territorio nacional), en cuxo caso a competencia dos xulgados contencioso-administrativos límitase aos «actos».

Pero é que ademais baixo este subapartado hai que distinguir entre:

- actos ditados polos organismos públicos estatais, respecto dos cales non serán competentes os xulgados contencioso-administrativos cando sexan de contía superior a 60.000 € ou cando se diten en exercicio das súas competencias sobre o dominio público, obras públicas do Estado, expropiación forzosa e propiedades especiais.
- actos ditados polos demais organismos públicos (incluídas as corporacións de dereito público, consorcios, personificacións xurídicas privadas do sector público, etcétera), respecto dos cales serán competentes en todo caso os xulgados contencioso-administrativos, pois tampouco neste caso opera a excepción antes sinalada.

A excepción prevista no parágrafo segundo do artigo 8.3 da LRXCA non é aplicable aos organismos autónomos vinculados ás comunidades autónomas, nin

polo tanto aos demais entes e organismos aínda que non sexan estatais (ATS do 14 de maio de 2009, recurso de casación 1525/2008; ATS do 5 de marzo de 2009, recurso de casación 2608/2008) a pesar da confusa redacción do último parágrafo deste apartado terceiro.

No caso das universidades tampouco é aplicable a excepción cando se trate de universidades galegas, ao tratarse de organismos integrados no ámbito autonómico galego (STS do 14 de decembro de 2005).

Xa por último, para finalizar o estudo deste apartado terceiro do artigo 8 da lei xurisdiccional, farei referencia a dúas cuestións relacionadas coa súa aplicación:

En primeiro lugar, ao criterio adoptado pola sala do contencioso-administrativo do TSXG nas impugnacións sobre responsabilidade patrimonial por deficiente asistencia sanitaria; e ao criterio competencial que debe rexer cando se impugnan actos ditados por delegación.

Sobre a primeira cuestión –criterio adoptado nas impugnacións sobre responsabilidade patrimonial por deficiente asistencia sanitaria nas que os procedementos administrativos son tramitados polo organismo autónomo Servizo Galego de Saúde (Sergas), e resolto polo conselleiro/a de Sanidade–, reiterados autos ditados pola sala do contencioso-administrativo do TSXG (entre eles, o do 6 de maio de 2009, procedemento ordinario 720/2006) pronunciáronse no sentido de que encontrándonos ante reclamacións de responsabilidade patrimonial contra o Sergas por defectuosa asistencia sanitaria a competencia obxectiva en primeira instancia correspóndelles aos xulgados contencioso-administrativos, independentemente da contía do recurso (e de que o órgano administrativo que dita a resolución que pon fin ao procedemento de responsabilidade patrimonial sexa o conselleiro/a de Sanidade), tal como se desprende da xurisprudencia do Tribunal Supremo plasmada nos autos do 10 de abril e do 24 de novembro de 2008, con precedente no auto do 13 de xullo de 2006, este último en relación co servizo andaluz de saúde; e iso baseándose en que o Sergas é un organismo autónomo administrativo dependente da Consellería de Sanidade cuxo ámbito de actuación non se estende ao territorio nacional.

E sobre a segunda cuestión –criterio competencial que debe rexer cando se impugnan actos ditados por delegación–, cabe dicir que conforme ao disposto no artigo 13.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as resolucións administrativas que se adopten por delegación consideraranse ditadas polo órgano delegante, polo que se se trata de

axuizar actos administrativos ditados, por exemplo, por delegados provinciais ou, en xeral, por órganos periféricos que actúen de acordo cunha delegación de competencias e non cunha desconcentración de competencias (que significa unha atribución permanente de competencias noutro órgano), efectuada ao seu favor por un órgano central da Administración autonómica; entón será de aplicación, non o artigo 8.3, senón o artigo 8.2, de xeito que se o acto non versa sobre algunha das materias que se recollen neste último precepto, a competencia non será do xulgado unipersoal senón da sala do contencioso-administrativo do TSXG de conformidade co disposto no artigo 10.1.a da LXCA.

E se quen resolve por delegación nun órgano periférico da Administración estatal, por delegación dun órgano central da Administración xeral do Estado cuxa competencia se estenda a todo o territorio nacional e cuxo nivel orgánico sexa inferior ao de Ministro ou Secretario de Estado, en materia de persoal, a competencia para o coñecemento do recurso correspóndelle á devandita sala xurisdiccional (TSX), sen que para a aplicación desta regra competencial teña que distinguirse se o cuestionado é unha materia xenérica de persoal ou unha cuestión de persoal que afecte ao nacemento ou á extinción de servizo, dado que o citado precepto ao sinalar a competencia exposta non efectúa a distinción apuntada (STS do 7 de abril de 2003, cuestión de competencia 761/2000).

Estes supostos en que opera unha delegación interorgánica, deben distinguirse daqueles en que opera unha delegación intersubxectiva e, polo tanto, unha delegación, non entre órganos dunha mesma administración, senón entre órganos pertencentes a distintas administracións públicas no ámbito da cooperación interadministrativa a que se refire o artigo 3 da Lei 30/92, e os artigos 55 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 106.3 da LBRL. Nestes casos, dos que son feis expoñentes aqueles en que as deputacións provinciais exercen competencias de xestión, inspección e recadación de tributos locais, ou aqueles en que os colexios oficiais de farmacéuticos e o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Farmacéuticos de España asumen competencias para instruír e resolver os expedientes sobre apertura de oficinas de farmacia, non é de aplicación o disposto no artigo 13 da Lei 30/92, de maneira que a competencia territorial virá determinada pola sede do órgano administrativo pertencente á Administración que exerce esas competencias, aínda que a titularidade destas lle corres-

ponda a outra Administración pública con sede nunha localidade diferente.

2.4. Demais competencias dos xulgados contencioso-administrativos (artigos 8.4, 8.5 e 8.6 da LXCA).

Continuando coa relación de competencias que se recollen no artigo 8 da LXCA, atribúeselles ademais competencias aos xulgados contencioso-administrativos en única ou primeira instancia, nos seguintes casos:

(apartado 4.) Coñecerán, igualmente, de todas as resolucións que se diten en materia de estranxeiría pola Administración periférica do Estado.

(apartado 5.) Correspóndelles coñecer aos xulgados das impugnacións contra actos das xuntas electorais de



zona e das formuladas en materia de proclamación de candidaturas e candidatos efectuada por calquera das xuntas electorais, nos termos previstos na lexislación electoral.

(apartado 6.) Coñecerán tamén os Xulgados do Contencioso-Administrativo das autorizacións para a entrada en domicilios e restantes lugares cuxo acceso requira o consentimento do seu titular, sempre que iso proceda para a execución forzosa de actos da Administración pública.

Así mesmo, corresponderalles aos xulgados contencioso-administrativos a autorización ou ratificación xudicial das medidas que as autoridades sanitarias consideren urxentes e necesarias para a saúde pública e impliquen privación ou restrición da liberdade ou doutro dereito fundamental.

Ademais, os xulgados contencioso-administrativos coñecerán das autorizacións para a entrada e a inspección de domicilios, locais, terreos e medios de transporte que fose acordada pola Comisión Nacional da Competencia,

cando, requirindo o devandito acceso e inspección o consentimento do seu titular, este se opoña a iso ou exista risco de tal oposición (o apartado 6 foi modificado pola disposición adicional 7.1 de Lei 15/2007, do 3 xullo, de defensa da competencia).

Respecto deste último apartado (apartado sexto), e en canto á competencia dos xulgados contencioso-administrativos nas autorizacións para a entrada en domicilios e restantes lugares cuxo acceso requira o consentimento do seu titular, esta competencia é atribuíble sempre que a autorización xudicial que se insta o sexa para a execución forzosa de actos da Administración pública, como xa sinalou o Tribunal Constitucional na sentenza 160/1991; de maneira que cando a



autorización se insta para executar un acto administrativo en execución dunha resolución xudicial, xa non sería necesario acudir ao xulgado contencioso-administrativo. E en todo caso, de querer a Administración verse amparada por unha autorización xudicial de entrada, o órgano xudicial competente para ditala sería aquel que ditou a resolución xudicial que dea lugar a esa entrada domiciliaria, que non ten por que coincidir cun xulgado contencioso-administrativo, pois pode selo a sala do contencioso-administrativo do TSX.

Pero é que a STC 199/1998 vai mais alá ao dicir que unha vez iniciado un proceso contencioso-administrativo en que se discute sobre a legalidade e sobre a execución ou suspensión dun acto administrativo, o suposto xa non entra no ámbito do artigo 87.2 da LOPX (e agora do artigo 8.6 da LXCA) senón que é o órgano xudicial da orde contencioso-administrativa o que segue posuíndo a súa potestade xurisdiccional sobre a cuestión e o obrigado a outorgar a súa tutela efectiva, co que, en definitiva, é competente para acordar, de ser

o caso, a execución sen necesidade da autorización de entrada en domicilio considerada no artigo 18.2 da CE.

E polo que refire agora ás medidas sanitarias urxentes e necesarias para a saúde pública que impliquen privación ou restrición da liberdade ou doutro dereito fundamental, os únicos supostos en que se instou, ante os xulgados contencioso-administrativos de Santiago de Compostela dende a súa entrada en funcionamento, non a autorización, e si a ratificación de medidas cautelares desta natureza, foron para ratificar acordos adoptados pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Xunta de Galicia en que se adoptaba como medida cautelar a hospitalización terapéutica de persoas que padecían a enfermidade de tuberculose pulmonar bacilífera, co fin de que se lles aplicase o tratamento axeitado á súa enfermidade, así como para que se asegurase o estrito cumprimento das medidas de illamento respiratorio que o hospital establece nestes casos ata que o paciente resulte curado da súa enfermidade ou, polo menos, ata que deixe de representar unha ameaza para a saúde pública.

3. Criterios para a aplicación das regras de distribución da competencia obxectiva (artigo 13 da LXCA)

Estes criterios son os que se recollen no artigo 13 da Lei xurisdiccional, e son os seguintes:

- a) As referencias que se fan á Administración do Estado, comunidades autónomas e entidades locais comprenden as entidades e corporacións dependentes ou vinculadas a cada unha delas.
- b) A competencia atribuída aos xulgados e tribunais para o coñecemento de recursos contra actos administrativos inclúe a relativa á inactividade e ás actuacións constitutivas de vía de feito.
- c) Salvo disposición expresa en contrario, a atribución de competencia por razón da materia prevalece sobre a efectuada en razón do órgano administrativo autor do acto.

Destes tres criterios, o segundo deles é consecuente cun dos obxectivos da Lei xurisdiccional de 1998, como era o de ampliar o obxecto do recurso contencioso-administrativo á inactividade da Administración (artigos 25.2 e 29) e ás actuacións materiais constitutivas de vía de feito (artigos 25.2 e 30).

Os outros dous criterios deron lugar a problemas prácticos en canto á súa aplicación, pois en ocasións provocaron o traslado a un órgano colexiado da competencia para o coñecemento de certos recursos contencioso-administrativos, e noutras ocasións non foi así.

O primeiro dos criterios que recolle o artigo 13 da LXCA, foi invocado ante o Tribunal Supremo nas cues-

tións de competencia que se promoveron con motivo das impugnacións sobre responsabilidade patrimonial por deficiente asistencia sanitaria en que os procedementos administrativos son tramitados polo organismo autónomo Servizo Galego de Saúde e resolto polo conselleiro/a de Sanidade (auto do 25 de xuño de 2009, recurso de casación 6097/2008).

E o segundo dos criterios que recolle o artigo 13 da Lei xurisdiccional foi aplicado polo Tribunal Supremo no auto do 2 de outubro de 2009 (cuestión de competencia 35/2009) nun suposto de feito en que se impugnaba unha resolución do INVIFAS que acordaba revogar a adxudicación dunha vivenda militar, atribuíndolle a competencia para coñecer do recurso á sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza e non ao xulgado central do contencioso-administrativo. Tamén se aplicou este criterio nun suposto de impugnación dun convenio asinado dentro do marco de colaboración existente entre o Sergas e a USC na formación práctica dos estudantes de ciencias da saúde (auto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Santiago de Compostela o 14 de setembro de 2001 nos autos do procedemento especial de protección de dereitos fundamentais 4/2001), ou no que se impugnaba a normativa para a contratación de profesorado emérito aprobada polo Consello de Goberno da USC do 30 de marzo de 2004 (auto de 13 de setembro de 2004 do mesmo xulgado nos autos do procedemento abreviado 347/2004), etcétera. Non se aplicou, en cambio, na impugnación dun acordo municipal adoptado polo Concello de Santiago de Compostela no proceso de expropiación forzosa da Casa do Cabido, respecto do cal o xulgado do contencioso-administrativo número dous da devandita localidade asumiu a súa competencia ao abeiro do disposto no artigo 8.1 da LXCA.

4. Competencia territorial dos xulgados contencioso-administrativos (artigo 14 da LXCA)

As regras de distribución da competencia territorial, tanto dos xulgados coma dos tribunais superiores de xustiza, recóllense no artigo 14 da LXCA e tradúcense nas seguintes:

- 1) Unha regra xeral de competencia, do seguinte teor: «Con carácter xeral, será competente o órgano xurisdiccional en cuxa circunscripción teña a súa sede o órgano que ditase a disposición ou o acto orixinario impugnado».
- 2) E a continuación unhas regras en que a competencia dependerá:
 - dun foro electivo –regra segunda–: «Cando o recurso

teña por obxecto actos das administracións públicas en materia de persoal, propiedades especiais e sancións será competente, a elección do demandante, o xulgado ou o tribunal en cuxa circunscrición teña aquel o seu domicilio ou se atope a sede do órgano autor do acto orixinario impugnado.»;

- ou do lugar de situación dos bens inmobles –regra terceira–: «A competencia corresponderalle ao órgano xurisdiccional en cuxa circunscrición radiquen os inmobles afectados cando se impugnen plans de ordenación urbana e actuacións urbanísticas, expropiatorias e, en xeral, as que comporten intervención administrativa na propiedade privada.».

Por último, recóllese no artigo 2 unha cláusula segundo a cal: «Cando o acto orixinario impugnado afectase a unha pluralidade de destinatarios e fosen diversos os xulgados ou tribunais competentes segundo as regras anteriores, a competencia virá atribuída ao órgano xurisdiccional en cuxa circunscrición teña a súa sede o órgano que ditase o acto orixinario impugnado».

1) Regra xeral de competencia

Para determinar a competencia territorial dun xulgado do contencioso-administrativo ha de atenderse como regra xeral á sede do órgano que ditase a disposición ou o acto «orixinario» impugnado, como di expresamente o precepto e, polo tanto, o acto que pon fin ao procedemento administrativo e non o que resolve un recurso de alzada por moito que este sexa o que finalice a vía administrativa (artigo 108 da Lei 30/1992), salvo que anule o orixinario.

Baixo este apartado pódese facer unha mención específica a supostos de responsabilidade patrimonial de Administración en que se impugnan acumuladamente decisións administrativas dadas por órganos de distintas administracións públicas, cuxa sede en distintas localidades daría lugar á competencia de distintos xulgados contencioso-administrativos para o coñecemento individualizado de cada unha de tales impugnacións.

Nestes casos o Tribunal Supremo na súa sentenza do 18 de setembro de 2007 ofreceu unha solución a estas situacións, acudindo á Lei de axuíamento civil, de aplicación supletoria (D.F.1.^a LXCA), cuxo artigo 53.2 establece a regra de elección polo demandante, cando houber varios demandados e puiden corresponder a competencia territorial aos xuíces de máis dun lugar.

2) Regra segunda: foro electivo

Esta regra é aplicable cando o recurso teña por obxecto actos das administracións públicas en materia de

persoal, propiedades especiais e sancións. Nestes casos será competente, a elección do demandante, o xulgado ou o tribunal en cuxa circunscrición teña aquel o seu domicilio ou se atope a sede do órgano autor do acto orixinario impugnado.

A Lei 13/2009, do 3 de novembro, de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial, no seu artigo décimo modifica a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e engadiu un parágrafo segundo á regra segunda do apartado 1 do artigo 14, coa seguinte redacción: «Cando o recurso teña por obxecto actos das administracións das comunidades autónomas ou das entidades da Administración local, a elección a que se refire esta regra segunda entenderase limitada á circunscrición do Tribunal Superior de Xustiza en que teña a súa sede o órgano que ditase o acto orixinario impugnado».

A introdución deste parágrafo acuña lexislativamente un criterio que veu sostendo o Tribunal Supremo nestes últimos anos, e do que se fixeron eco as primeiras sentenzas, dadas pola sala terceira do Tribunal Supremo do 26 de setembro e 6 de outubro de 2000, ou a do mesmo tribunal do 30 de maio de 2001.

3) Regra terceira: lugar de situación dos bens inmobles

A competencia corresponderalle ao órgano xurisdiccional en cuxa circunscrición radiquen os inmobles afectados cando se impugnen plans de ordenación urbana e actuacións urbanísticas, expropiatorias e, en xeral, as que comporten intervención administrativa na propiedade privada.

A lectura deste apartado pon de manifesto que o lexislador non quixo limitar esta excepción ás impugnacións de plans de ordenación urbana, actuacións urbanísticas e expropiatorias, consciente de que existen outros ámbitos da actuación administrativa en que as súas decisións implican unha intervención da Administración na propiedade privada, e para os cales se quixo estender a aplicación desta regra competencial.

Así, aplicouse esta regra en supostos de impugnación de actos de autorización administrativa, declarando de utilidade pública e aprobando proxectos de execución de instalacións de liñas aéreas de media tensión, ou en supostos de solicitude de autorización de entrada para execución de actos administrativos que impliquen unha intervención administrativa en propiedade privada (derribamento, desafuizamento, etcétera), ou en supostos de impugnación de actos ditados pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística que impliquen unha

intervención administrativa en propiedade privada.

4) Regra competencial do artigo 14.2 da LXCA

Xa por último, respecto da regra competencial que se recolle no artigo 14.2 da LXCA, «Cando o acto orixinario impugnado afectar a unha pluralidade de destinatarios e foren diversos os xulgados ou tribunais competentes segundo as regras anteriores, a competencia virá atribuída ao órgano xurisdiccional en cuxa circunscrición teña a súa sede o órgano que tiver ditado o acto orixinario impugnado», cabe dicir que será de aplicación a regra establecida no artigo 14.2 cando, presentados varios recursos contra o mesmo acto, e unha vez efectuada a elección prevista na regra segunda do artigo 14.1, resultaren ser diversos os xulgados contencioso-administrativos competentes territorialmente, circunscrición que concorre se, segundo información facilitada polas partes no procedemento ou a facilitada pola Administración en cumprimento do disposto no artigo da LXCA, resulta que se segue ante outros xulgados outro ou outros procedementos en que se impugna a resolución administrativa. Pero non en cambio naqueles casos en que non existen esoutros procedementos.

Pero é que ademais cando se impugnan o que coñecemos por «actos plúrimos», tampouco pode ceder a regra do foro electivo fronte á regra do artigo 14.2 da Lei xurisdiccional se se demostra que as persoas ás que puidese afectar a resolución do proceso contencioso-administrativo teñen o domicilio na mesma localidade que o recorrente, polo que nestes casos se a parte actora opta polo foro do seu domicilio, e é distinto do foro da sede do órgano que ditou o acto impugnado, debe manterse a competencia do xulgado polo que optou (auto da sala do TSX do 13 de xuño de 2005, conflito negativo de competencia 7/2005).

Este repaso das competencias dos xulgados contencioso-administrativos finaliza cunha pequena reflexión, e é que o tempo transcorrido dende a entrada en vigor da Lei xurisdiccional e dende a reforma operada pola Lei 19/2003 veu a demostrar, de novo, o éxito no funcionamento dos xulgados unipersoais. Este positivo balance deu lugar a que voces autorizadas da xurisdición contencioso-administrativa formulen a posibilidade de xeneralizar unha primeira instancia nesta xurisdición, con atribución xeral de competencias aos órganos unipersoais, convertendo os órganos colexiados en órganos de apelación. É moi prematuro, ademais de arriscado, adiviñar o futuro destas formulacións que determinarían non só unha alteración do deseño competencial regulado na lei senón tamén das normas sobre o recurso de casación.

A nova responsabilidade penal das persoas xurídicas

Admito que son un xurista de formación clásica, formado grazas ao *Castán* e outros tantos volumes nos que se nos dan aforismos latinos que tan útiles resultaron para todos os efectos. Non obstante, daquelas obras pouco dereito positivo nos queda, de feito, na súa profusión lexislativa, o lexislador vainos deixando sen aforismos: hoxe tócalle a quenda a *societas delinquere non potest*.



Antonio Roma Valdés

Fiscal Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

O cambio está xustificado polo discorrer dos tempos económicos e as circunstancias da nova delincuencia. Por un lado, a tendencia lexislativa comparada fora incorporando paulatinamente os supostos de responsabilidade das persoas xurídicas, por outro lado, normas internacionais admitiran tal forma de imputación ao tratar a cooperación internacional en persecución das formas de delincuencia organizada, finalmente, o propio dereito comunitario establecera a necesidade de homoxeneizar os dereitos penais dos Estados Membros da Unión Europea nesta liña. Aínda que con atraso respecto da data de vixencia das normas comunitarias e plasmando esta tendencia lexislativa, a Lei orgánica 5/2010, do 22 de xuño, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal afecta a máis de 150 artigos con efecto dende o 24 de decembro de 2010 e incorpora as seguintes normas comunitarias:

- Decisión marco 003/568/JAI do Consello, do 22 de xullo de 2003, relativa á loita contra a corrupción no sector privado.
- Decisión marco 2004/68/JAI do Consello, do 22 de decembro de 2003, relativa á loita contra a explotación sexual dos nenos e a pornografía infantil.
- Decisión marco 2004/757/JAI do Consello, do 25 de outubro de 2004, relativa ao establecemento de disposicións mínimas dos elementos constitutivos de delitos e as penas aplicables no ámbito do tráfico ilícito de drogas.
- Decisión marco 2005/212/JAI do Consello, do 24 de febreiro de 2005, relativa ao comiso dos produtos, instrumentos e bens relacionados co delito.
- Decisión marco 2005/222/JAI do Consello, do 24 de febreiro de 2005, relativa aos ataques contra os sistemas de información.
- Decisión marco 2008/919/JAI do Consello, do 28 de novembro de 2008, pola que se modifica a Decisión marco 2002/475/JAI, sobre a loita contra o terrorismo.
- Decisión marco 2002/629/JAI do Consello, do 19 de xullo de 2002, relativa á loita contra a trata de seres humanos.

- Directiva 2008/99/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de decembro de 2008, relativa á protección do medio mediante o dereito penal.
- Directiva 2003/6/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, sobre as operacións con información privilexiada e a manipulación do mercado (abuso do mercado).

Xa con anterioridade, o Código penal establecía dúas formas de responsabilidade: unha ao establecer dende 1995 a adopción de determinadas medidas no artigo 129, que resulta modificado; por outro lado, e dende 2003, ao impoñer multas solidarias coa persoa física no artigo 31.2, agora derogado.

Nos parágrafos que seguen non pretendo, nin moitísimo menos, esgotar unha materia tan novidosa como a que figura no título –xa veremos como funciona– senón sinalar as liñas fundamentais que inspiran esta forma de responsabilidade para aproximar o lector. Deste xeito, os principios básicos poden resumirse do seguinte xeito:

a) Suxeitos responsables

Sono as persoas xurídicas. Neste punto, e a diferenza doutros supostos como os que se conteñen nos artigos 24 e 25, o Código non establece unha definición. Faino de forma negativa nos artigos 31.5 e 129. Por conseguinte, cabe supoñer as notas seguintes:

– Sono aquelas formas sociais que, conforme ao ordenamento xurídico, gocen de personalidade xurídica. Cando non concorran os requisitos para que exista esta personalidade xurídica, é de aplicación o artigo 129, que ten a redacción seguinte:

1. No caso de delitos ou faltas cometidos no seo, coa colaboración, a través ou por medio de empresas, organizacións, grupos ou calquera outra clase de entidades ou agrupacións de persoas que, por carecer de personalidade xurídica, non estean comprendidas no artigo 31 bis deste Código, o xuíz ou

tribunal poderá impoñerlles motivadamente ás devanditas empresas, organizacións, grupos, entidades ou agrupacións unha ou varias consecuencias accesorias á pena que lle corresponda ao autor do delito, co contido previsto nos apartados c) a g) do artigo 33.7.

Poderá tamén acordar a prohibición definitiva de levar a cabo calquera actividade, aínda que sexa lícita.

2. As consecuencias accesorias ás que se refire no apartado anterior só poderán aplicárselles ás empresas, organizacións, grupos ou entidades ou agrupacións nel mencionados cando este Código o prevea expresamente, ou cando se trate dalgún dos delitos ou faltas polos que este permite esixirles responsabilidade penal ás persoas xurídicas.
 3. A clausura temporal dos locais ou establecementos, a suspensión das actividades sociais e a intervención xudicial poderán ser acordadas tamén polo xuíz instructor como medida cautelar durante a instrución da causa para os efectos establecidos neste artigo e cos límites sinalados no artigo 33.7.
- Por exclusión, e de acordo co artigo 31.5, non responden o Estado, as administracións públicas territoriais e institucionais, os organismos reguladores, as axencias e entidades públicas empresariais, os partidos políticos e sindicatos, as organizacións internacionais de dereito público, nin aquelas outras que exerzan potestades públicas de soberanía, administrativas ou cando se trate de sociedades mercantís estatais que executen políticas públicas ou presten servizos de interese económico xeral. Unicamente e para estes supostos, os órganos xurisdiccionais poderán efectuar a declaración de responsabilidade penal no caso de que aprecien que se trata dunha forma xurídica creada polos seus promotores, fundadores, administradores ou representantes co propósito de eludir unha eventual responsabilidade penal.
- A responsabilidade non se extingue coa personalidade da sociedade. Con finalidade de evitar situacións fraudulentas, o artigo 130.2 presenta o seguinte contido:
2. A transformación, fusión, absorción ou escisión dunha persoa xurídica non extingue a súa responsabilidade penal, que se trasladará á entidade ou entidades en que se transforme, quede fusionada ou absorbida e estenderase á entidade ou entidades que resulten da escisión. O xuíz ou tribunal poderá moderarlle o traslado da pena á persoa xurídica en función da proporción que a persoa xurídica orixinariamente responsable do delito garde con ela. Non extingue a responsabilidade penal a disolución encuberta ou simplemente aparente da persoa xurídica. Considerarase en todo caso que existe disolución encuberta ou simplemente aparente da persoa xurídica cando se continúe a súa actividade económica e se manteña a identidade substancial de clientes, provedores e empregados, ou da parte máis relevante de todos eles.

b) Supostos expresos

A responsabilidade das persoas xurídicas só se admite respecto dos supostos expresos. Deste xeito, o Código concreta pormenorizadamente os casos en que esta responsabilidade se admite, a saber, os artigos 156 bis, 177 bis, 189 bis, 197, 251 bis, 257, 261 bis, 264, 288 (para os delitos contra a propiedade intelectual e industrial, así como os delitos contra o mercado e os consumidores), 302, 310 bis, 318 bis, 319, 327, 328, 343, 328, 343, 348,

343, 348, 369 bis, 399 bis, 427, 430, 445 e 576 bis, situando deste xeito o foco de atención nos delitos económicos e na delincuencia organizada.

c) Concorrencia cunha persoa física

A responsabilidade é independente á da persoa física que encaixa nos criterios de responsabilidade da persoa física. En todo caso, conforme ao artigo 31.2, a responsabilidade penal das persoas xurídicas será esixible sempre que se constate a comisión dun delito que tivese que cometerse por quen posúa os cargos ou funcións esixidos, aínda cando a concreta persoa física responsable non fose individualizada ou non fose posible dirixir o procedemento contra ela. Cando como consecuencia dos mesmos feitos se impuxer a ambas a pena de multa, os xuíces ou tribunais modularán as respectivas contías, de modo que a suma resultante non sexa desproporcionada en relación coa gravidade daqueles.

Por outro lado, a concorrencia, nas persoas que materialmente realizasen os feitos ou nas que os fixesen posibles por non exercer o debido control, de circunstancias que afecten á culpabilidade do acusado ou agraven a súa responsabilidade, ou o feito de que as devanditas persoas falecesen ou se subtraesen á acción da xustiza, non excluírá nin modificará a responsabilidade penal das persoas xurídicas, sen prexuízo da súa atenuación (31.3).

d) Criterios de responsabilidade

Sentada esta premisa, o artigo 31 establece dous supostos de responsabilidade:

- a. As persoas xurídicas serán penalmente responsables dos delitos cometidos en nome ou por conta destas, e no seu proveito, polos seus representantes legais e administradores de feito ou de dereito.
- b. As persoas xurídicas serán tamén penalmente responsables dos delitos cometidos, no exercicio de actividades sociais e por conta e en proveito destas, por aqueles que, estando sometidos á autoridade das persoas físicas mencionadas no parágrafo anterior, puideron realizar os feitos por non se exercer sobre eles o debido control atendidas as concretas circunstancias do caso.

Isto é, a responsabilidade afirmase tanto nos casos de actuación directa coma de omisión de vixilancia.

e) Penas

Sen prexuízo de que se concretan en cada precepto que recolle expresamente a responsabilidade penal das persoas xurídicas, o artigo 33.7 establece con carácter xeral o catálogo seguinte de penas:

7. As penas aplicables ás persoas xurídicas, que teñen todas a consideración de graves, son as seguintes:
 - a) Multa por cotas ou proporcional.
 - b) Disolución da persoa xurídica. A disolución producirá a perda definitiva da súa personalidade xurídica, así como a da súa capacidade de actuar de calquera modo no tráfico xurídico, ou levar a cabo calquera clase de actividade, aínda que sexa lícita.
 - c) Suspensión das súas actividades por un prazo que non poderá exceder de cinco anos.

- d) Clausura dos seus locais e establecementos por un prazo que non poderá exceder de cinco anos.
- e) Prohibición de realizar no futuro as actividades en cuxo exercicio se cometese, favorecese ou encubriuse o delito. Esta prohibición poderá ser temporal ou definitiva. Se for temporal, o prazo non poderá exceder de quince anos.
- f) Inhabilitación para obter subvencións e axudas públicas, para contratar co sector público e para gozar de beneficios e incentivos fiscais ou da Seguridade Social, por un prazo que non poderá exceder de quince anos.
- g) Intervención xudicial para salvagardar os dereitos dos traballadores ou dos acredores polo tempo que se considere necesario, que non poderá exceder de cinco anos.

A intervención poderá afectarlle á totalidade da organización ou limitarse a algunha das súas instalacións, seccións ou unidades de negocio. O xuíz ou tribunal, na sentenza ou, posteriormente, mediante auto, determinará exactamente o contido da intervención e determinará quen se fará cargo da intervención e en que prazos deberá realizar informes de seguimento para o órgano xudicial. A intervención poderase modificar ou suspender en todo momento tras o informe do interventor e do Ministerio Fiscal. O interventor terá dereito a acceder a todas as instalacións e locais da empresa ou persoa xurídica e a recibir tanta información considere necesaria para o exercicio das súas funcións. Regulamentariamente determinaranse os aspectos relacionados co exercicio da función de interventor, como a retribución ou a cualificación necesaria.

A clausura temporal dos locais ou establecementos, a suspensión das actividades sociais e a intervención xudicial poderán ser acordadas tamén polo xuíz instructor como medida cautelar durante a instrución da causa. Pola súa parte, o artigo 50.4, en relación coa pena de multa, establece que a súa cota diaria terá un mínimo de 30 e un máximo de 5.000 euros. Para os efectos de cómputo, cando se fixe a duración por meses ou por anos, entenderase que os meses son de trinta días e os anos de trescentos sesenta.

Cando se trata dunha multa proporcional, o artigo 52.4 engade que, de non ser posible o cálculo, o xuíz ou tribunal motivará esta imposibilidade e as multas previstas serán substituídas polas seguintes:

- a) Multa de dous a cinco anos, se o delito cometido pola persoa física tiver prevista unha pena de prisión de máis de cinco anos.
- b) Multa dun a tres anos, se o delito cometido pola persoa física tiver prevista unha pena de prisión de máis de dous anos non incluída no inciso anterior.
- c) Multa de seis meses a dous anos, no resto dos casos.

O pagamento da multa poderá fraccionarse durante un período de ata cinco anos, cando a súa contía poña probadamente en perigo a supervivencia daquela ou o mantemento dos postos de traballo existentes nesta, ou cando o aconselle o interese xeral (artigo 53.5)

Se a persoa xurídica condenada non satisfíxer, voluntariamente ou pola vía de constrinximento, a multa imposta no prazo que se sinalase, o Tribunal poderá acordar a súa intervención ata o seu pagamento total.

f) Determinación da pena

O artigo 31.4 concreta un sistema de atenuación xeral do xeito que segue:

- 4. Só poderán considerarse circunstancias atenuantes da responsabilidade penal das persoas xurídicas, realizar, con posterioridade á comisión do delito e a través dos seus representantes legais, as seguintes actividades:
 - a) Proceder, antes de coñecer que o procedemento xudicial se dirixe contra ela, a confesarlle a infracción ás autoridades.
 - b) Colaborar na investigación do feito achegando probas, en calquera momento do proceso, que fosen novas e decisivas para esclarecer as responsabilidades penais dimanantes dos feitos.
 - c) Proceder en calquera momento do procedemento e con anterioridade ao xuízo oral a reparar ou diminuír o dano causado polo delito.
 - d) Establecer, antes do comezo do xuízo oral, medidas eficaces para prever e descubrir os delitos que no futuro puidesen cometerse cos medios ou baixo a cobertura da persoa xurídica.

Por outro lado, no caso de concorrer as regras xerais de aplicación da pena, o artigo 66 bis establece o seguinte:

Na aplicación das penas impostas ás persoas xurídicas seguirase o disposto nas regras 1.^a a 4.^a e 6.^a a 8.^a do primeiro número do artigo 66, así como as seguintes:

- 1.^a Nos supostos en que veñan establecidas polas disposicións do libro II, para decidir sobre a imposición e a extensión das penas previstas nas letras b) a g) do apartado 7 do artigo 33 haberá de terse en conta:
 - a) A súa necesidade para prever a continuidade da actividade delituosa ou dos seus efectos.
 - b) As súas consecuencias económicas e sociais, e especialmente os efectos para os traballadores.
 - c) O posto que na estrutura da persoa xurídica ocupa a persoa física ou o órgano que incumpriu o deber de control.
- 2.^a Cando as penas previstas nas letras c) a g) do apartado 7 do artigo 33 sexan impostas cunha duración limitada, esta non poderá exceder a duración máxima da pena privativa de liberdade prevista para o caso de que o delito fose cometido por unha persoa física.

Para a imposición das sancións previstas nas letras c) a g) por un prazo superior a dous anos será necesario que se dea algunha de dúas circunstancias seguintes:

- a) Que a persoa xurídica sexa reincidente.
- b) Que a persoa xurídica se utilice instrumentalmente para a comisión de ilícitos penais. Entenderase que se está ante este último suposto sempre que a actividade legal da persoa xurídica sexa menos relevante que a súa actividade ilegal

Para a imposición con carácter permanente das sancións previstas nas letras b) e e), e para a imposición por un prazo superior a cinco anos das previstas nas letras e) e f) do apartado 7 do artigo 33, será necesario que se dea algunha das dúas circunstancias seguintes:

- a) Que se estea ante o suposto de feito previsto na regra 5.^a do primeiro número do artigo 66.
- b) Que a persoa xurídica se utilice instrumentalmente para a comisión de ilícitos penais. Entenderase que se está ante este último suposto sempre que a actividade legal da persoa xurídica sexa menos relevante que a súa actividade ilegal.



O Colexio de Avogados de Santiago recibe a medalla de ouro da Irmandade Xurídica Galega

A asociación que promove a lingua galega na Administración de Xustiza premia o labor a prol do fomento do idioma levado a cabo polo colexio compostelán durante os últimos anos.

O pasado 3 de xullo tivo lugar no salón nobre da Deputación de Lugo a III Asemblea Xeral da Irmandade Xurídica Galega (Ixuga), que este ano homenaxeou a figura do avogado Pedro González e distinguiu coa súa medalla de ouro o labor de promoción do galego do Colexio de Avogados de Santiago.

O acto principiou coa intervención do presidente da Irmandade, Xoaquín Monteagudo, quen resaltou o esforzo e a valía daqueles xuristas que empregan o galego no seu día a día malia as trabas existentes. O letrado tamén quixo facer un chamamento especial a abandonar o «discurso de pesimismo» que foi penetrando na sociedade arredor do idioma para facer deste «un motivo de orgullo que nos une e nos identifica».

No transcurso destes actos a Irmandade recoñeceu coa entrega da súa **medalla de ouro** a traxectoria do Colexio de Avogados de Santiago na promoción do galego no ámbito xudicial ao longo dos últimos anos.

O maxistrado e membro da Ixuga, Luís Villares Naveira, foi o encargado de pronunciar a louva ao colexio compostelán. Na súa intervención, Villares destacou os méritos que concorreron nesta distinción e reivindicou o exemplo desta institución como espello doutras dentro do ámbito xudicial. Así mesmo, o xuíz tamén confirmou con datos esmagadores a situación anormal que vive o idioma nos xulgados galegos, onde, por exemplo, as resolucións que se pronunciaron no 2008 apenas acadaron o 3,5%.

Deseguido, o decano do Colexio de Avogados de Santiago, Evaristo Nogueira, recibiu o galardón da man do presidente da Irmandade, quen estivo acompañado na mesa de autoridades polo fiscal superior de Galicia, Carlos Varela, o maxistrado Xosé Xoán Barreiro e o fiscal Benito Montero.

No seu discurso, o representante da avogacía compostelá recalcou o compromiso adquirido hai oito anos pola xunta de goberno do seu colexio para promover e defender o emprego do galego no seo da Administración de xustiza.




Nogueira manifestou que «os avogados e as avogadas temos a obriga de ser os defensores dos dereitos e das liberdades da cidadanía, e dentro do seu amplo contido figura sen dúbida o dereito a usar a nosa lingua propia sen ningún tipo de obstáculo nin restrición». Así mesmo, o xurista compostelán tamén fixo fincapé en que o galego no ámbito xurídico «non está nin moito menos nun plano de igualdade en relación co castelán» e, en consecuencia, manifestou que é precisa unha reacción «activista e comprometida» por parte de todos os operadores xurídicos «para evitar caer nunha inxusta indiferenza ante o devir do noso maior tesouro colectivo». Para rematar, expuxo que «queda moito traballo por facer e moitos atrancos no camiño por superar».

Como vén sendo habitual, a Ixuga tamén levou a cabo o acto de imposición de togas e insignias da Irmandade a aqueles profesionais do ámbito xurídico que empregan con normalidade o idioma galego. Dezaseis novos irmandiños e irmandiñas, procedentes da xudicatura, da avogacía, do secretariado xudicial e do corpo de funcionariado, ratificaron o seu compromiso de usar a lingua propia nos xulgados galegos.

“Evaristo Nogueira
“Debemos evitar caer
na inxusta indiferenza
ante o devir
do noso maior
tesouro colectivo”



Nova base de datos xurídica na páxina web do Colexio gratuíta para colexiados/as



Esta nova ferramenta será de acceso totalmente libre para todos os colexiados/as (sen límite de licenzas) a través da páxina web do colexio.

Para acceder a ela, só cómpre rexistrarse previamente na páxina do colexio (www.icasantiago.org) indicando o número de colexiado/a (con 4 díxitos, por exemplo: 1214, 0920,...) e o DNI (sen puntos nin letra).

O acordo con esta editorial supón un grande esforzo económico para o Colexio xa que o investimento rolda os 16.500 € por ano. Trátase dunha das bases de datos xurídicas máis completas do mercado, usada por exemplo polo Colegio de Abogados de Madrid ou o Consell de l'Advocacia Catalana. Este produto é o mesmo que Tirant lo Blanch lles ofrece aos depachos profesionais cun custo de máis de 700 € por licenza.

Contidos:

- a) Toda a **lexislación** comunitaria, tratados e convenios internacionais, estatal, autonómica, foral e unha gran cantidade de ordenanzas locais. Inclúe ademais a lexislación básica dos países do mundo.
A lexislación é completa, está relacionada con todos os documentos da base de datos e ofrécese vixente e consolidada. Incorporase ademais unha exclusiva función de textos legais básicos

interrelacionados, acceso á lexislación internacional e índice lexislativo desenvolto.

- b) Toda a **xurisprudencia** incluída en Tirant on line, así como as resolucións administrativas e consultas. Os documentos conforman unha masa documental superior ao millón novecentos mil documentos. Introdúcese desde xaneiro de 2010 toda a xurisprudencia menor de España, aínda que dende hai anos introdúcese toda a xurisprudencia do TSX de Galicia así como das AA.PP. de Ourense e Pontevedra. Por suposto, o TS e o TC tamén están incluídos e introdúcense completos.
- c) A incorporación de **esquemas procesuais** e substantivos de todos os ámbitos xurídicos (procesual civil, privado, penal, público, laboral e financeiro).
- d) Unha completa base de datos **bibliográfica**.
- e) Unha extensa recompilación de **consultas**: DXT, Ministerio de Traballo, AEAT, ICAC, Notariado,...
- f) Servizo de **novidades**. Os colexiados disporán dun boletín específico de novidades no que atoparán todas as novidades lexislativas, xurisprudenciais, doutriniais e bibliográficas para que estean ao tanto do que sucede na actualidade xurídica.
- g) **Foros** xurídicos.
- h) Servizo de **novidades** RSS.

As valiosas distincións do ilustre xurista e ex-decano, D. Evaristo Nogueira Romero, permanecerán expostas no Colexio de Avogados de Santiago



O decano, D. Evaristo Nogueira Pol, e os seus irmáns decidiron doar ao Colexio de Avogados de Santiago de Compostela as valiosas distincións que recoñecen a traxectoria como avogado e como decano do colexio santiagués de seu pai, D. Evaristo Nogueira Romero. Entre elas, atópase a Cruz de Honor da Orde de San Raimundo de Peñafort, que lle foi concedida no ano 1983. Ademais, tamén formarán parte do patrimonio do colexio outros obxectos de significado valor, como unha placa do ano 1983 entregada polos compañeiros do colexio compostelán ou a placa que recoñece o seu nomeamento como decano honorario dende o ano 1994.



Imaxe do curso de linguaxe xurídica, outubro 2010

Formación

Durante os días 4, 6, 11, 18 e 20 de maio deste ano levouse a cabo un **ciclo de relatorios sobre as reformas procesuais que entraron en vigor o 04/05/2010**. Este ciclo reuniu un elevado número de especialistas na materia procedentes da maxistratura, da fiscalía, do secretariado xudicial e da avogacía. Tamén contou coa participación do director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez, e dos cate-dráticos de Dereito procesual Víctor Moreno Catena e Juan Luis Gómez Colomer.

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, en colaboración co Instituto Empresarial de Contabilidade e Economía e co Colexio de Economistas da Coruña, organizou unha nova edición dos **cursos prácticos de Contabilidade e análise de balances e de Xestión e práctica laboral (nóminas, seguros sociais e contratación laboral)**. Estes cursos desenvóléronse entre o 31 de maio e o 30 de xuño na delegación de Santiago do Colexio de Economistas da Coruña.

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, a través do seu servizo de asesoramento lingüístico, levou a cabo a segunda edición do seminario **Actualización e reciclaxe da lingua galega**. O

seminario realizouse durante os días 14, 15, 16 e 17 de xuño e, ao seu remate, os letrados e letradas asistentes recibiron un certificado de asistencia expedido polo colexio de avogados e mais a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Os días 19, 20 e 21 de xullo tiveron lugar as xornadas **Dereito e saúde: a protección xurídica do persoal sanitario e dos pacientes**. Estas sesións, de vinte horas de duración, leváronse a cabo no salón de actos do Colexio de Avogados de Santiago e na EGAP.

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela organiza para este curso 2010-2011 **clases de inglés para colexiados/as e fillos de colexiados/as**. As clases, que comezaron no mes de outubro, están dirixidas aos profesionais da avogacía e aos seus nenos en idade escolar.

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela organizou un **Curso de linguaxe xurídica galega de nivel medio**. Este curso, que se desenvolve entre o 9 de setembro e o 15 de novembro, está homologado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e forma parte das accións formativas encamiñadas a mellorar a competencia lingüística neste sector profesional.

Procedemento de solicitude de certificados para colectivos profesionais

A Xerencia Territorial do Ministerio de Xustiza en Galicia informa do procedemento e dos requisitos necesarios para solicitar certificados sobre os actos de última vontade, contratos de seguros de cobertura de falecemento e antecedentes penais.

Documentación e requisitos

Actos de última vontade

- ✓ Exemplar para a Administración coa correspondente certificación de autoliquidar a taxa (3,50 €).
- ✓ Orixinal do certificado literal de defunción
- ✓ Deberán transcorrer cando menos 15 días hábiles a partir da data de defunción.

Contratos de seguros de cobertura de falecemento

- ✓ Exemplar para a Administración coa correspondente certificación de autoliquidar a taxa (3,50 €).
- ✓ Orixinal do certificado literal de defunción.
- ✓ É imprescindible que no modelo 790 figuren o NIF/NIE do causante e o NIF/NIE do solicitante.
- ✓ Deberán transcorrer cando menos 15 días hábiles a partir da data de defunción.

Antecedentes penais

- ✓ Exemplar para a Administración coa correspondente certificación de autoliquidar a taxa (3,50 €).
- ✓ Fotocopia compulsada do NIF/NIE da persoa interesada e fotocopia compulsada do NIF/NIE do representante.
- ✓ É imprescindible achegar a documentación acreditativa da representación:
 - Autorización realizada ante unha Administración pública mediante declaración en comparecencia persoal da persoa interesada.
 - Calquera medio suficiente en dereito que deixe constancia fidedigna de tal representación. (Documento público autorizado por notario, documento privado coa sinatura notarialmente lexitimada)

- As autorizacións deberán conter todos os datos identificativos do representante e do representado.

Procedemento

Para solicitarlle á Xerencia Territorial de Galicia a expedición de calquera destes certificados, deberán seguirse os seguintes pasos:

1. A solicitude do certificado ha de facerse por medio do modelo 790, que se facilita de xeito gratuíto nas seguintes dependencias:
 - Xerencias territoriais do Ministerio de Xustiza
 - Rexistros civís
 - A través da internet, na páxina web www.mjusticia.es, no apartado “Trámites persoais” da sección “información de interese”.
2. Cubrir o modelo 790 seguindo as instrucións que figuran no dorso.
3. Pagar a taxa correspondente (3,50 €). Este pagamento pode efectuarse de dúas formas:
 - En persoa, en calquera entidade financeira colaboradora na recadación tributaria
 - Telematicamente, a través da páxina web www.mjusticia.es.
4. Unha vez efectuada a autoliquidación da taxa, a solicitude do certificado poderá facerse a través de calquera das seguintes modalidades:
 - Presencialmente, deixando na xerencia unha relación (por duplicado) cos datos dos/as causantes. Selarásele esta relación e entregaráselle unha copia para a posterior recollida dos certificados solicitados nun prazo aproximado de dous días.
 - En xanela, cun máximo de diario de tres certificados por persoa, os certificados emitiránse no momento.
 - Por correo, as solicitudes poderanse enviar por correo postal ao seguinte enderezo: Xerencia Territorial do Ministerio de Xustiza en Galicia, rúa de Emilia Pardo Bazán, 1, 1º B 15005 A Coruña. (Ao tempo empregado no envío e no reenvío por correo postal haberá que engadirlle un prazo aproximado de dous días de tramitación).

Novidades lexislativas

Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE núm. 163 do 06/07/2010)

Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cesamento da actividade dos traballadores autónomos (BOE núm. 190 do 06/08/2010)

Lei 34/2010, do 5 de agosto, de modificación das leis 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, e 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa para a adaptación á normativa comunitaria das dúas primeiras (BOE núm. 192 do 09/08/2010)

Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo (BOE núm. 227 do 18/09/2010)

Lei orgánica 5/2010, do 22 de xuño, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal (BOE núm. 152 do 23/06/2010)

Lei orgánica 6/2010, do 27 de xullo, complementaria da Lei 31/2010, do 27 de xullo, sobre simplificación do intercambio de información e intelixencia entre os servizos de seguridade dos Estados membros da Unión Europea, pola que se modifica

a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (BOE núm. 182 do 28/07/2010)

Real decreto 897/2010, do 9 de xullo, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, en materia das obrigas de documentación das operacións vinculadas (BOE núm. 167 do 10/07/2010)

Real decreto-lei 10/2010, do 16 de xuño, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo (BOE núm. 147 do 17/06/2010)

Real decreto-lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforros (BOE núm. 169 do 13/07/2010)

Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o Texto refundido da lei de sociedades de capital (BOE núm. 161 do 03/07/2010)

Orde PRE/2356/2010, do 3 de setembro, pola que se modifica o anexo IV do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio (BOE núm. 220 do 10/09/2010)

Instrución, do 5 de outubro de 2010, da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, sobre réxime rexistral da filiación dos nados mediante xestación por substitución (BOE núm. 243 do 07/10/2010)



Novas da AXA Compostela



Dende a Agrupación de Xoves Avogados de Compostela (AXAC) queremos informaros das últimas actividades en que participamos como membros activos e convidar a aqueles que teñan algún tipo de inquietude en relación coa situación do avogado/a novo a que vos poñades en contacto con nós. Por iso, gustaríanos animar a todos aqueles avogados novos, que teñades preocupacións ou dúbidas respecto das cuestións cotiás da profesión ou problemas no seu desenvolvemento, a que acudades á Agrupación para tentar axudarnos e darlles unha saída. Coma sempre, podeades contactar con nós no enderezo electrónico: axacompostela@icasantiago.org.

Doutra banda, queremos comunicarvos que o pasado mes de xullo celebrouse en Barcelona o XVI Congreso Estatal da Avogacía Nova, onde participaron uns douscentos avogados novos de todo o Estado coa intención de falar sobre os asuntos profesionais que nos preocupan, contrastar opinións e coñecer outros puntos de vista sobre unha profesión tan dura como apaixonante e tan individualista como colexiada, tal e como recordaba a presidenta da Confederación Española de Abogados Jóvenes (CEAJ).

Neste contexto tivemos dous relatorios, un sobre a Lei omnibus, no que se debateu o futuro da profesión ante as inminentes reformas que cambian radicalmente a concepción da avogacía; e outro sobre a relación laboral especial e as sociedades profesionais, onde AXAC participou de xeito activo achegado o noso punto de vista en relación con aspectos tales como a implementación dun convenio colectivo para avogados con relación laboral especial, que atopa a súa principal dificultade na inexistencia dunha patronal que sirva como interlocutor para a súa negociación ou respecto da necesidade de atender as grandes diferenzas que existen entre a forma de tra-

ballar en lugares como Madrid, Sevilla, Valencia ou Barcelona, onde se tende a unha especialización do avogado, fronte a outros lugares de menor dimensión, como é o noso caso, onde existe unha vocación xeneralista que implica diferenzas e, polo tanto, dificultades engadidas á hora de negociar o referido convenio colectivo.

Nas mesas redondas do congreso debatéronse aspectos referentes ao exercicio de defensa nos procedementos de violencia de xénero e a proxección social do avogado, dado que por parte da avogacía nova existe unha preocupación no sentido de que o traballo que desenvolvemos se perciba de forma correcta pola cidadanía debido á súa vocación social.

Do 24 ao 26 de setembro desenvolveuse a reunión trimestral da CEAJ en Murcia. A AXA Compostela contou cun representante nela que presentou un monográfico titulado "¿Que espero de CEAJ?", no que se cuestionaba a utilidade e a funcionalidade dos órganos de representación da avogacía nova e no que se formulaba que a importancia do traballo colexiado merece un profundo labor de adaptación que realmente o faga eficiente.

Así mesmo, aproveitamos para informaros de que a próxima reunión trimestral do CEAJ será na cidade de Almería, do 17 ao 19 de decembro, na que o punto máis relevante da orde do día será a celebración de eleccións para a renovación da executiva da Confederación. Dende a AXA Compostela queremos aproveitar a ocasión para darlle a en hora boa á xunta executiva saínte polo traballo desenvolvido ao longo dos dous últimos anos.

AXA Compostela

Acordo de colaboración coa editorial “La Ley-Grupo Wolters Kluwer”

A EDITORIAL LA LEY-GRUPO WOLTERS KLUWER, en virtude do acordo de colaboración subscrito co Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, cedeu gratuitamente para a biblioteca as seguintes obras:



Crédito tributario y concurso de acreedores:

Autor: Marina Aguilar Rubio
Edita: LA LEY
Ano: 2009
Páxinas: 424



El concurso de acreedores. La declaración:

Autor: Juana Pulgar Ezquerro
Ano: 2009
Edita: LA LEY
Páxinas: 936



Código técnico de la edificación:

Autor: La Ley
Edita: LA LEY
Ano: 2009
Páxinas: 1256



La nueva ley de contratos del sector público:

Autor: José A. Moreno y Francisco Pleite
Edita: La Ley
Ano: 2009
Páxinas: 1583



Guía práctica de la contratación del sector público:

Autor: Francisco Javier Escribuela Morales
Edita: LA LEY
Ano: 2009
Páxinas: 864



La ciudad objeto de protección penal:

Autor: Javier Sáenz de Pipaón y Meng y
Javier Sáenz de Pipaón y del Rosal
Edita: LA LEY
Ano: 2009
Páxinas: 306



Analogía favorable al reo:

Autor: Juan Pablo Montiel
Edita: LA LEY
Ano: 2009
Páxinas: 624



Daños civiles en el matrimonio:

Autor: David Vargas Aravena
Edita: LA LEY
Ano: 2009
Páxinas: 430



La extensión del daño contractual:

Autor: Rodrigo Abelardo Fuentes Guíñez
Edita: LA LEY
Ano: 2009
Páxinas: 515



La responsabilidad civil en el ámbito del seguro obligatorio del automóvil:

Autor: José Javier Guijarro Hernández
Edita: LA LEY
Ano: 2009
Páxinas: 439

O entremés dos xordos

Collo emprestado do Padre Martín Sarmiento o título desta miña colaboración para a revista *Avogacía Compostela*, a cuxos editores lles debo o amabilísimo ofrecemento de ser eu, neste número, quen poña o negro sobre o branco en “Ao pé da letra”.



Saberán quen lean estas liñas que o ilustre monxe bieito galego cualificaba como “entremés dos xordos” aqueles diálogos que se daban con frecuencia nos confesionarios das igrexas da Galicia do século XVIII entre penitente e confesor cando este último, por descoñecemento cabal da lingua galega, actuaba outorgando absolucións polos pecados non cometidos e deixando de impoñer penitencia polas faltas consumadas. As escenas que, en ocasións, se producían nestes casos eran máis propias dun teatro do absurdo –permítaseme o anacronismo– que dun auto sacramental moralizante e aleccionador tan do gusto da época. Pero nos escritos do Padre Sarmiento non atopamos localizadas estas escenas de incomunicación unicamente no interior dos muros das igrexas. En efecto, bo coñecedor da realidade social de Galicia, o que foi, sen lugar a dúbidas, o home máis sabio da España do seu tempo non deixou de expoñer e constatar, ora con ton irónico ora con asercións contundentes, como

estas mesmas escenas, representadas xa por outros actores, tamén se repetían acotío nas aulas das escolas e nas salas dos tribunais de xustiza. Concluínte, chegaría a afirmar, en relación con sacerdotes, mestres e xuíces, que “os que non saben nin a lingua galega nin os costumes respectivos son ineptos para os ditos empregos”. Galeguista *avant la lettre*, cando o Padre Sarmiento afirmaba isto estábase a adiantar en case douscentos anos ás proclamas dun galeguismo político e cultural que desde principios do século XX ata hoxe mesmo entendeu que a lingua galega non podía estar fóra nin dos púlpitos, nin das tribunas, nin dos estrados.

Con carácter menos erudito e modos doutra factura, Daniel Rodríguez Castelao foi, como ninguén antes o fixera desde o Padre Sarmiento, quen ía representar e denunciar o sensentido que supoñía o feito de manter fóra deses espazos públicos a lingua maio-

ritaria dunha sociedade cuxos cidadáns vivían, deste xeito, tal exclusión lingüística como a expresión patente da exclusión social que lles imponían as clases dirixentes.

“—¡Que San Roquiño nos liberte de médicos, avogados e boticarios!”.

Este era o rezo procesional dun matrimonio que servía de pé dunha das 49 estampas que compoñían o *Álbum Nós* que Castelao publicaría en 1931.

Afortunadamente, os tempos son cambiados. A sociedade galega do século XXI está a vivir un proceso no que, ao compás que marca o pensamento occidental do que formamos parte e do que nos alimentamos, a tolerancia, o respecto ás diferenzas e a procura da cohesión social nas comunidades humanas son valores en alza. Nesa Galicia, tamén afortunadamente, o galego segue a ser unha lingua con presenza notable, a lingua que falan habitualmente dous dos case tres millóns que a habitan, malia que, por veces, permaneza oculta, precisamente naqueles espazos públicos nos que tradicionalmente permaneceu excluída, por mor de inercias culturais e de mecanismos psicolóxicos non alleos a esas mesmas inercias.

Estar diante dun xuíz ou dunha avogada cando se ten un problema xudicial, como visitar a consulta médica cando nos sentimos enfermos, supón sempre un estado de minoración psicolóxica. Nesta situación, ou ben se dan as circunstancias propicias, que debe sempre fornecer o xuíz, a avogada e o médico, ou ben a persoa procesada (ou a enferma) renunciará a facer uso da lingua de menor prestixio social, aínda que esta sexa na que mellor exprese o que sente, o que a conmove e o que a preocupa. Este feito debería estar sempre presente á hora de establecer condutas de boa praxe profesional, non só pola atención aos dereitos das persoas e como forma de contribuír a que a nosa sexa unha sociedade cun alto grao de cohesión, senón tamén como o mellor xeito de lograr o éxito profesional.

As administracións públicas poden e deben axudar a que os profesionais da avogacía poidan desenvolver o seu traballo en galego, sen que isto supoña un esforzo engadido ou un atranco a maiores. Esa é unha obriga da que, por mandato legal, ningunha das administracións pode desvincularse ou facer cesión. Pero nunca deixará de representarse nalgún bufete ou nun tribunal xudicial de Galicia algún entremés dos xordos se as administracións públicas non contan coa axuda dos e das profesionais que, día a día, asisten, aconsellan e defenden os seus clientes e clientas.

Anxo M. Lorenzo Suárez

Secretario xeral de Política Lingüística

Toma nota!



A forma **mesmo(s)**, **mesma(s)** carece de valor anafórico, é dicir, non podemos usala para referirnos a algo que xa se mencionou con anterioridade.

«Solicito que, unha vez que sexa firme a **sentenza**, me remita o testemuño **da mesma**.»

Neste caso debemos usar outras formas como posesivos, demostrativos ou pronomes persoais.

«Solicito que, unha vez que sexa firme a **sentenza**, me remita o **seu** testemuño / o testemuño **desta**.»

En galego pode presentar os seguintes valores:

«A proba era a mesma ca a da parte contraria.» (Idéntico, non outro)

«Cometeron o mesmo delito.» (Exactamente igual)

«Alegou esas mesmas razóns.» (Énfase)

«Era tan tarde que mesmo suspenderon a vista.» (Incluso)

Fíxate no que apunta ao respecto o *Diccionario panhispánico de dudas* do castelán:

[...] 3. A pesar de su extensión en el lenguaje administrativo y periodístico, es innecesario y desaconsejable el empleo de *mismo* como mero elemento anafórico, esto es, como elemento vacío de sentido cuya única función es recuperar otro elemento del discurso ya mencionado; en estos casos, siempre puede sustituirse *mismo* por otros elementos más propiamente anafóricos, como los demostrativos, los posesivos o los pronombres personales; así, en *«*Criticó al término de la asamblea las irregularidades que se habían producido durante el desarrollo de la MISMA*» (País [Esp.] 1.6.85), pudo haberse dicho *durante el desarrollo de ESTA* o *durante SU desarrollo*; en *«*Serían citados en la misma delegación a efecto de ampliar declaraciones y ratificar las MISMAS*» (Excelsior [Méx.] 21.1.97), debería haberse dicho simplemente *ratificarLAS*; en *«*El que su acción fuera efímera, innecesaria, no resta a la MISMA su significado*» (Abc [Esp.] 29.9.74), hubiera sido mejor *no LE resta su significado*.

Diccionario panhispánico de dudas

Servizo de Asesoramento Lingüístico

Opinan de Nós

Nesta sección a cidadanía compostelá ofrece o seu punto de vista sobre certos aspectos da avogacía como profesión.



Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado do Parlamento de Galicia

1. Considera os letrados/as composteláns ben formados profesionalmente?

A avogacía da nosa cidade ten un altísimo nivel, consecuencia do alto rigor das facultades de dereito de Galicia e das escolas de práctica xurídica existentes.

2. Cre que cando acode a un avogado ou avogada recibe un servizo de calidade?

En efecto. A prestación dos servizos profesionais é na miña experiencia persoal moi boa. Penso que o labor do Colexio favorece esta realidade.

3. Que consellos lles daría aos letrados/as para mellorar a súa percepción pola cidadanía?



Carlos Agrelo Ferrer

Xerente de Amiocar

1. Considera os letrados/as composteláns ben formados profesionalmente?

Por suposto. Coma en todas as profesións, haberá uns máis profesionais e dilixentes ca outros, pero, en xeral, nada teñen que envexar, polo que eu detecto, aos do resto de España. O feito de que Santiago de Compostela teña unha das máis prestixiosas facultades de dereito de España fai que a nosa cidade sexa berce de grandes avogados cuxos logros profesionais son recoñecidos fóra de Galicia.

2. Cre que cando acode a un avogado ou avogada recibe un servizo de calidade?

Isto é algo moi particular que, como dixeran antes, correspóndelle ao letrado en cuestión. No meu caso particular, traballo co despacho de D. Ramón Sabín e considero que é un gran letrado, tanto no ámbito persoal como profesional, e que o equipo de profesionais que lidera non o desmerece en absoluto. Os servizos profesionais que persoalmente recibo son de calidade, por suposto.

3. Que consellos lles daría aos letrados/as para mellorar a súa percepción pola cidadanía?

Seguro que todos somos conscientes de que as críticas comúns ao funcionamento da xustiza e ao Estado de Dereito, en xeral, deben ser sempre matizadas evitando a visión catastrofista da situación.

4. Pensa que o labor da avogacía é útil para a sociedade? Por que?

Éo, pois a garantía dos dereitos e a tutela dentro e fóra do proceso destes resulta esencial para promover a igualdade dos individuos e dos grupos nos que se integran, e esta é unha finalidade esencial da democracia.

5. Cre que o labor de defensa e asesoramento dos avogados/as é recoñecido e mesmo comprendido suficientemente pola sociedade?

Sí, mais pode mellorarse nesa comprensión facendo fincapé na necesaria proximidade do Dereito e dos seus profesionais aos máis desfavorecidos dentro da cidadanía.

Non son ningún para dar consellos. Considero que a percepción da cidadanía respecto dos avogados é moi coñecida, e non é mala. Neste sentido, creo que o labor do decano do colexio de avogados, Evaristo Nogueira, é digno de mención, xa que o colectivo está moi ben representado e Nogueira sabe defender os intereses dos avogados de Santiago.

4. Pensa que o labor da avogacía é útil para a sociedade? Por que?

Non é que sexa útil, é imprescindible. Todas as persoas deberíamos ter un avogado, como se ten un médico de cabeceira, non para poñer preitos, senón para estar informado dos nosos dereitos e obrigas e así poder evitalos. Se a xente acudise a un avogado a asesorarse dos seus dereitos antes de iniciar os preitos, evitaríanse moitas contendas xudiciais innecesarias, que só contribúen a que o labor da xustiza sexa lento, dado o importante número de asuntos que ten que tramitar cada xulgado.

5. Cre que o labor de defensa e asesoramento dos avogados/as é recoñecido e mesmo comprendido suficientemente pola sociedade?

Entendo que si. É un labor complicado, que esixe unha continua formación e que o que pretende é un mundo no que calquera persoa estea informada dos seus dereitos ante terceiros. Aínda que sigo pensando que é mellor un mal acordo que un bo preito. Iso un bo avogado sábeo ben.

Na sección “Fóra da Lei” preguntamos polos gustos e preferencias sobre literatura, música, cine, viaxes... a persoas do noso contorno máis achegado.

O próximo/a podes ser ti...

Nesta ocasión contestaron o noso indiscreto cuestionario MANUEL REMUÑÁN (notario) e SERGIO ARAMBURU (secretario técnico do Consello da Avogacía Galega). Ambos os dous cedéronnos amablemente unha parcela da súa intimidade para que todos coñecemos un pouco máis dos seus gustos e afeccións, das súas filias, das súas fobias... En fin, un pouco de si mesmos, tal e como son (que non é pouco).

1. Unha de libros

Cal foi o último libro (non xurídico) que liches?

MANUEL: *La traición de Roma* de Santiago Posteguillo

SERGIO: *The Les Paul Book*, de Tony Bacon. Está en inglés, pero afortunadamente por cada dúas páxinas de texto había unha de fotografías e fíxose máis bo de levar.

Que libro lle regalarías ao teu mellor amigo?

MANUEL: *Los pilares de la tierra* de Ken Follet

SERGIO: Depende dos gustos do agasallado. O meu mellor amigo por desgraza está bastante mal da vista, así que regalaríalle música.

E ao teu peor inimigo?

MANUEL: Ningún libro

SERGIO: Creo que non teño inimigos, pero se se trata de amolar, un libro sobre política dalgún comentarista radiofónico que eu sei.

Se só puideses salvar un libro da fogueira, cal salvarías?

MANUEL: Imposible salvar só un.

SERGIO: O libro que máis aprecio é o primeiro libro de poemas de meu avó, Antonio Guillán Hermo: *Xuncos*, que, por certo, é o pai de Juan Guillán Fajardo, avogado deste colexio, a quen debo todo na profesión.

2. Outra de cine

En que película non puidesches evitar quedar durmido?

MANUEL: Calquera de Sylvester Stallone, Chuck Norris ou similares.

SERGIO: *Je Vous salue, Marie*, aínda que non cheguei a quedar durmido, simplemente me levantei da butaca e marchei por aí a tomar un chocolate con churros.

- Cal é a película que non te cansas de ver?

MANUEL: *Casablanca*.

SERGIO: *Idiocracia* (*Idiocracy*), quen non a coñeza, que a busque no youtube, ou que a alugue en DVD, por favor. Partindo da teoría científica da disxenesia, augura un mundo gobernado por idiotas cara ao ano 2505. Os paralelismos co mundo actual son continuos e evidentes. É unha comedia moi boa.

3. Historia

Con que personaxe da Historia irías cear?

MANUEL: Julio César, Aníbal, Platón, Carlos I, Cook..., hai tantos.

SERGIO: Gaëtan Dugas, “paciente 0” da SIDA. Tería que resucitar, claro. Era un auxiliar de voo que viaxaba por todo o mundo e que presumía de ter máis de 2500 contactos sexuais só nos EEUU. Sempre negou que a SIDA fose contaxiosa e rexeitou deixar de ter sexo ata que morreu en 1984. Creo que debeu ser o maior homicida en serie da historia.

4. Arte

Que obra de arte, monumento ou lugar emblemático te deixa abraiado?

MANUEL: Moitos museos, a Praza do Obradoiro, a Piazza de la Signoria de Siena, a Costa da Morte, Stonehedge, o Castro de Baroña, as Furnas, o Madrid dos Austrias, as pinturas de Rafael, o interior do Vaticano, as Meninas e un longo etcétera.

SERGIO: A Cidade Prohibida de Beijing, pola súa enormidade. Canto a obras de arte, a obra “Vieja friendo huevos”, de Velázquez. Meu pai, que é pintor, educounos o gusto aos meus irmáns e mais a min; pola casa viñan todos os pintores galegos vivos, e así aprendemos a apreciar a calidade artística. Cando a redescubrí hai uns anos vendo un libro na casa, fun á cociña e fixen o par de ovos fritos máis ricos que comín na miña vida. Ese cadro levome a coleccionar monografías e biografías sobre Velázquez e a viaxar a Madrid, expresamente para visitar as súas salas no Prado. Curiosamente, ese cadro está en Edimburgo.

5. Música

Cal é a música que consegue amansarte neses “momentos fera”?

MANUEL: gregoriana nun templo adecuado, un bo grupo de gaitas, os Beatles, Beethoven, arias de ópera, Holst, Battiatto, Queen,...

SERGIO: Para amansarme, Bach. Pero a música non é só para amansar, ten moitas utilidades. A música incluso pode ofender, aínda que só cando ten letra ou se relaciona cunha ideoloxía. “A Internacional” e o “Cara al Sol” teñen os mesmos acordes, aínda que a melodía é distinta. O himno español orixinal ten só dous acordes (harmonicamente é moi pobre, sobre todo se o comparamos co alemán, que o compuxo Haydn, ou co ruso, que é dun militar soviético). Pero divago.

6. Por último, viaxes

Cal é a viaxe que fixeches que máis che gustou

MANUEL: A Italia (Florenza, Siena, Perugia, Roma)

SERGIO: Ningunha en particular, pero si recordo momentos especiais, déixame fanfurriñar un pouco: gustoume fumar un porro na tumba de Bob Marley (tres dólares, un porro; cinco dólares, dous porros, king size, colleita da casa); ou pasar un Nadal en Roma coa miña familia.

E a que aínda non puidesches facer, pero que seguro que non has perder?

MANUEL: Ao sur de Arxentina e Chile. Escocia, Perú, os fiordos noruegueses. Etcétera.

SERGIO: Nashville e Memphis (Tennessee), EEUU. De alí é o mellor blues, as mellores guitarras eléctricas e o whisky Jack Daniels. Din que a madeira sobran da construción das guitarras Gibson quéimana para destilar o whisky. Así que me encantaría ir alí, tocar un blues nunha jam cunha Gibson, mentres tomo un Jack Daniels. Aínda que despois teña que saír correndo.

Tu seguro de salud ahora desde 37,86 € al mes*

.... y tus hijos: 33,30 €*

Oferta especial para colegiados
Date de alta
ahora
y empieza
a pagar en
2011
antes del 31/12/2010

PLUS SALUD Seguro de Asistencia Sanitaria

La Mutualidad de la Abogacía, pone a tu disposición y a la de los tuyos **Plus Salud**, tu Seguro de medicina privada, con la máxima calidad, al mejor precio y con todas las ventajas:

- **Amplias coberturas** en sus tres modalidades de contratación: Premium (Medicina Primaria, Especialidades Médicas y Medicina Preventiva, Medios de Diagnóstico Completos, Tratamientos, Cirugía y Hospitalización), Premium Dental y Premium Dental Reembolso.
- **Sin coste por acto médico.**
- **Podrás acceder a todos los servicios desde el primer día.**

Además por ser asegurado de Plus Salud, disfrutarás de una serie de Servicios Adicionales en unas condiciones ventajosas.

Comprueba qué poco cuesta tener la salud bien cubierta:

Prima mensual para ambos sexos*

Edad**	Premium	Premium-Dental	Premium-Dental Reembolso
0-19	33,30 €	33,68 €	56,77 €
20-59	37,86 €	39,09 €	62,18 €
60-64	74,51 €	76,95 €	100,04 €

* No incluidos los impuestos de la CLEA que se abonan en el primer recibo de cada aniversario de la póliza (entre 1,09 y 3,28 euros). Primas para el año 2011 si se contrata el seguro antes de 31/12/2010.

** Se considera la más próxima al cumpleaños en el momento de contratar, y cada 1 de enero. La edad máxima de contratación es de 64 años.

Prima especial para nuevos mutualistas:

29,36 euros

para la opción Premium-Dental durante los cuatro primeros años, cualquiera que sea la edad.¹

Y si estás asegurado en otra entidad y te quieres cambiar a Plus Salud, se derogan los plazos de carencia.²

Si deseas más información llama al

902 25 50 50

o entra en www.mutualidadabogacia.com

PLUS SALUD

SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA PRIVADA

M MUTUALIDAD DE LA
ABOGACIA

1. El alta en el seguro Plus Salud está condicionada a los criterios técnicos de suscripción de la Mutualidad de la Abogacía y sus servicios de selección médica. La edad máxima de contratación es de 64 años.
2. Siempre que el seguro de origen sea de las mismas características del Plus Salud. No se deroga la carencia de 10 meses para la asistencia al parto. Las preexistencias en el momento de la contratación estarán cubiertas.

Planes y Seguros de la Mutualidad



Busca en Galicia a garantía de calidade e servizo



Q é unha certificación do Instituto de Calidade Turística

Española que garante a calidade do servizo. Búscala en

hoteles, balnearios, restaurantes, espazos naturais protexidos, casas rurais, axencias de viaxes e campamentos turísticos de Galicia...

Para máis información, chama ao **+ 34 902 200 432**